

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás once horas e dez minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil doce, réunese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de D. José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Antonio Mouriño Villar, don José Manuel Freire Couto, don Avelino García Ferradal, don Antonio Montero Fernández, don Luciano Rivero Cuquejo, don Emilio José Pazos Ojea, don Antonio Pérez Rodríguez, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don Argimiro Marnotes Fernández, don Eliseo Fernández Gómez, don Eladio Mangana Novoa e don Julio Pérez Carballo, do Grupo Popular; don José Ignacio Gómez Pérez, don José Carlos Martínez-Pedrayo Valeiras, don José Víctor González Vázquez, dona Elvira Lama Fernández, don Miguel Bautista Carballo, don Guillermo Fernández Dopazo, dona Victoria Morenza Doforno e dona Mónica Vázquez Blanco, do Grupo do PSdeG.-PSOE; e don Leopoldo Rodríguez Puga e don Xaime Óscar Iglesias Pérez, do Grupo do BNG.

Actúa de interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES, CORRESPONDENTES Á ORDINARIA DO DÍA 27 DE XULLO DE 2012 E Á EXTRAORDINARIA DO DÍA 17 DE SETEMBRO DE 2012.-

O Sr. presidente preguntalles ós membros asistentes se existe algunha observación que formular ós borradores das actas das sesións anteriores, correspondentes á ordinaria do día 27 de xullo de 2012 e á extraordinaria do día 17 de setembro de 2012, que foron distribuídos coa convocatoria da sesión.

Non se formula ningunha obxección, declarándose aprobadas as ditas actas por unanimidade.

2º.- TOMA DE POSESIÓN DE DON XAIME ÓSCAR IGLESIAS PÉREZ.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, quere puntualizar, como unha cuestión de orde, que se a xente que está fóra agardando non pode entrar no salón de sesións,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

retiraranse eles tamén (prodúcense aplausos por parte do público asistente). Prégalle á Presidencia que deixe pasar a toda a xente, xa que noutras ocasións este salón de plenos estaba abarrotado e non se puxeron obxeccións, e este é un foro libre e o público ten dereito a entrar.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o seu grupo mantén a mesma actitude que o BNG. Non queren facer oportunismo pero o certo é que este é un foro libre e os cidadáns teñen dereito a entrar. Comparten a postura do BNG e se a xente non entra tamén se verán obrigados a abandona-lo salón de plenos (tamén se producen aplausos por parte do público presente).

O **Sr. presidente** manifesta que non ten ningún inconveniente en que a xente asista á celebración deste pleno, pero sempre que se acredite como se ten que acreditar e que non obstaculice á entrada ó salón de plenos. Evidentemente este é un foro libre e democrático pero as normas están para cumprilas.

A continuación chama ó Sr. Iglesias Pérez para que tome posesión do seu cargo como deputado provincial. Seguidamente don Xaime Óscar Iglesias Pérez presta a promesa regulamentaria e o Sr. presidente imponlle as insignias do seu cargo e pasa a ocupa-lo seu escano do grupo do BNG ó que pertence.

3º.- TOMA DE POSESIÓN DE DON JULIO PÉREZ CARBALLO.-

O Sr. Presidente chama ó Sr. Pérez Carballo para que tome posesión do seu cargo como deputado provincial. Seguidamente don Julio Pérez Carballo presta o xuramento regulamentario e o Sr. presidente imponlle as insignias do seu cargo e pasa a ocupa-lo seu escano do Grupo Popular ó que pertence.

O Sr. presidente dálle-la benvida ós dous deputados que se incorporan a esta Corporación.

4º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DA DEPUTACIÓN DO EXERCICIO 2011.-

O Sr. secretario anuncia que a Conta Xeral de 2011 foi ditaminada favorablemente pola comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía na reunión do día 21 de xuño de 2012 e sometida a información pública mediante anuncio publicado no BOP de Ourense de data 9 de xullo de 2012, sen que se formulase ningunha alegación ou reclamación e dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, en coherencia co desacordo que ten o BNG coa política orzamentaria da Deputación, anuncia que o BNG vai votar en contra.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, anuncia o voto en contra do seu grupo. É claro e evidente que o Grupo Socialista ten unha política en contra do orzamento que se presenta ó longo deste ano, e como consecuencia disto non poden votar a favor da aprobación das contas, porque para o seu grupo se poderían facer doutra forma. Tamén entenden que isto é un exercicio contable, pero como non están de acordo cos orzamentos teñen que votar en contra.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, antes de trata-lo asunto quere dálle-la benvida ós novos deputados e deséxalles moita sorte no labor que poidan desempeñar. Di que a postura do Grupo Popular é a de aproba-las contas, que foron ditaminadas favorablemente pola comisión informativa no mes de xuño, publicada no BOP durante 15 días e 8 máis para a presentación de alegacións e reclamacións. Non se presentou ningunha reclamación ou alegación. Este é un resumo da xestión do grupo de goberno durante o ano 2011.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a aprobación da conta xeral da Deputación do exercicio 2011, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aproba-las contas xerais correspondentes ó exercicio 2011 de acordo co establecido no artigo 212.4 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo.- Proceder á rendición da conta xeral correspondente ó exercicio 2011 ó Consello de Contas de Galicia, cumprindo co preceptuado no artigo 212.5 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

5º.- APROBACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “CENTRO ECUESTRE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE”.-

O Sr. presidente anuncia que, tal e como se acordou na Xunta de Portavoces do día 24, este punto 5º, o 6º (Plan especial de ordenación de recursos humanos para a reasignación de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

efectivos do Centro Ecuestre e a Granxa da Lagoa de Antela) e o 7º (Modificación da relación de postos de traballo da Deputación Provincial de Ourense consistente na supresión dos postos correspondentes ó Centro Ecuestre e á Granxa da Lagoa de Antela e a creación de novos postos no Servizo de Augas e Medio Ambiente) debateranse conxuntamente, establecendo unha primeira quenda de intervención de 10 minutos e unha segunda quenda de 5 minutos. A votación destes puntos realizarase por separado.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que é coñecida a posición do BNG respecto do Centro Ecuestre da Limia en particular e dos centros ecuestres en xeral. Adianta que votarán en contra deste punto, baseándose en que, entre outras razóns, o BNG nunca entendeu moi ben, desde o ámbito competencial, como a Deputación pode prestar estes servizos, máxime cando o Partido Popular leva preconizando que as administracións deben ser austeras no gasto e desfacerse de competencias que non lle sexan propias. Ó longo destes anos de funcionamento tense demostrado que é un servizo ruinoso, cun claro perfil antieconómico, porque a maior parte do seu cuantioso orzamento o absorbe o desmesurado gasto de persoal. Isto non só o dí o BNG senón que o Sr. secretario no seu informe recoñece que o Centro Ecuestre é un servizo deficitario. No caso que nos ocupa, compre lembrar que a partida orzamentaria dos centros ecuestres da Limia consume neste ano 2012 uns oitocentos mil euros dos cales catrocentos mil son gastos de persoal. Por outra banda existe pouca claridade respecto do funcionamento ordinario así como irregularidades detectadas en facenda, relativas ó proxecto europeo PDC, que poden derivar na devolución dun importante monto de diñeiro e mesmo en sancións económicas. Por iso, e diante do anuncio efectuado polo presidente na presentación do Plan Estratéxico de externaliza-lo Centro Ecuestre, deberíamos estar satisfeitos, pero unha cousa é que a Deputación se desfaga de competencias impropias e outra moi distinta é que o faga a prezo de saldo regalando un ben público, cando ó longo destes anos se investiron cantidades inxentes de diñeiro de tódolos cidadáns. Nese sentido, enlaza co punto posterior da orde do día, a Deputación supedita ó maior aforro económico o maior beneficio para a empresa que resulte adxudicataria do concurso, asumindo o papel que actualmente presta o servizo no Centro Ecuestre. Non é de estrañar logo, que tal e como está redactado o prego se poida chegar á conclusión de que máis que un concurso é un regalo envolto en papel de celofán, polo que adianta que o voto vai ser en contra. Respecto da modificación da RPT, óptase por mante-los

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

postos de traballo fixos, se ben noutro servizo. O servizo do hipódromo é impropio polo que o lóxico é suprimir esas prazas garantindo o emprego. Así óptase por mantelo noutros servizos provinciais evitando despedimentos (ERE) ou un traslado dese persoal á empresa privada que xestionará o Centro Ecuestre. O BNG defende como principio o mantemento de emprego (como se fai) no ámbito público e privado, pero non poden votar a favor da proposta porque non se despexan determinadas dúbidas respecto da legalidade derivada do disposto no artigo 23 da Lei 2/2012, de orzamentos xerais do Estado, polo que sería pertinente, para a toma en consideración, un informe xurídico que avale a legalidade de crear novos postos de traballo consonte co disposto na dita lei. Anuncia a abstención neste punto. Con respecto ó punto sétimo da orde do día, e polas razóns expostas, adianta que van votar en contra.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, dálle a benvida ás teses do Partido Socialista ó Sr. presidente, partido que ven defendendo hai tempo que esta casa ten asumidos servizos que lle son impropios. Agora, coa asfixia económica (como di ó Sr. Álvarez Dobaño: os tempos son os que son) decidimos externalizar servizos como o Centro Ecuestre, baixo un prego de cláusulas administrativas particulares que seguramente está perfectamente redactado na forma polos técnicos desta casa, pero que no fondo agocha uns aspectos un tanto rechamantes. Vaise externalizar un centro cunha chea de hectáreas, instalacións, edificacións, etcétera, que foron moi custosas para a Deputación, que como dicía o portavoz do BNG cun orzamento de preto de oitocentos mil euros, dos cales máis da metade van parar a gastos de persoal. Con isto ímoslle regalar unhas instalacións e un centro á empresa que resulte adxudicataria, mentres que a Deputación ten que asumi-lo persoal que traballa alí. Como sempre adoitaba dici-lo anterior presidente, José Luís Baltar, dámoslle a carne e nós quedamos cos osos, pois resulta que esta casa vai ter que asumi-lo elevado custo de persoal e reasignar efectivos. Tanto é así que no punto sexto se fala de que xente que era monitor de equitación vai pasar a prestar servizos nas canceiras que vai asumir esta casa. Vanse crear dúas novas brigadas: unha con cinco operarios e un chofer no caso de Ourense; e outra cun capataz, cinco operarios e un chofer no caso de Xinzo, e crear novos postos como o director destas canceiras. Pregúntalle ó Sr. presidente se non sería máis efectivo que as canceiras puidesen estar prestando servizos colectivos do terceiro sector, como xente con deficiencias psíquicas leves que pode prestar servizos en determinados centros e sería un modo de integrar a esas persoas e non reasignar parte destes efectivos. É certo que o grupo de goberno está ante un grave problema,

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

que é que a maioría do persoal que presta servizos no centro ecuestre é persoal cualificado como peón agrícola que hai que redistribuír nestas brigadas. Estamos nos tempos nos que estamos e esta casa ten uns custos elevadísimos e se ten que desfacer de servizos, pero desprenderse de servizos no quere dicir regalar ó chou a quen queira asumi-la instalación á que nos referimos. Estamos falando de cantidades tan irrisorias como que a Deputación vai cobrar unha renda mensual pola instalación de 1.500 euros ó mes durante os próximos dez anos. A persoa que colla ese centro vaille ter que pagar á Deputación 18.000 euros ó ano; polos 42 boxes móbiles vai ter pagar un custo total de 21.000 euros; e vai constituír unha garantía definitiva de 15.000 euros, é dicir, por 36.000 euros dámoslle a unha empresa a xestión dun centro que para esta casa foi deficitario. Desde o Grupo Socialista sempre defenden que a Deputación está para crear e poñer en marcha determinados proxectos, pero unha vez que se poñen en marcha a Deputación non se pode converter, como se estivo convertendo ata agora, nunha empresa de traballo temporal nin montar toda esta serie de *chiringuitos* que serviron para colocar á xente en diferentes postos de traballo e moitas veces todos sabemos polo procedemento que acceden. Externalizámo-lo servizo pero asumímo-los custos do persoal. No prego recóllese que ese persoal tamén o podería asumi-la empresa pero iso levaríanos a un conflito cos propios traballadores. Pregunta a que veñen ás presas, xa que ben se podería ter negociado doutro xeito e dentro doutro marco legal. Como dicía o anterior presidente, nós agora temos que roe-los ósos e asumi-la carga dese persoal que vai supoñer catrocentos ou cincocentos mil euros máis para esta casa no canto de externaliza-lo conxunto e a persoa que asuma a xestión do centro asuma tamén ó persoal, independentemente de que o Grupo Socialista sempre defendeu que lle hai que dar cobertura ó persoal e non deixar á xente tirada, pero o Grupo Popular sempre fai o mecanismo para que iso non se produza.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, manifesta que como se soe dicir, pau se remas pau se non remas. Dille á Sra. Lama Fernández, con todo o respecto, que dixo varias veces o mesmo e o contrario. Primeiro din que exercemos competencias impropias e por iso nos desfacemos delas, como xa se ten falado e é unha consecuencia directa do desenvolvemento do Plan Ourense-92 que presentou o Sr. presidente, a cuxa presentación non asistiron. Nesa presentación o Sr. presidente dixo que isto sería efectivo en setembro de 2012 e nese mes estamos. A Sra. Lama dixo que non se pode deixar á xente tirada e que hai que mante-lo emprego, pero despois di que o tema das canceiras se lle podía dar ás persoas con

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

discapacidades e que a Deputación ten unha carga de persoal enorme, pero non dá ningunha solución para o persoal do Centro Ecuestre. A Deputación está intentando pouco a pouco desfacerse de competencias que lle son impropias, que ó mellor nalgún tempo tiveron razón de ser (lembra que hai anos había colas para leva-las vacas). Este asunto ten dúas consecuencias: primeira un plan especial para a reasignación de efectivos que foi tratado na Mesa de Negociación da Deputación e pactado, na medida do posible, cos sindicatos; e segunda, a modificación da RPT, que é unha consecuencia inmediata do dito plan. Tanto o expediente do plan como o da modificación da RPT van estar expostos ó público para a presentación das alegacións que se estimen convenientes. No orzamento para o ano 2013 as organizacións sindicais e os afectados poderán volver estudar novamente isto e alega-lo que se considere oportuno. Anuncia que o seu grupo votará a favor e di que os tempos non están para facer demagogia tódolos días coa que está a caer.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que o grupo de goberno non tería moito éxito como xerentes dunha empresa privada, porque collen o que non funciona e despois deixan o que funciona. Tódalas competencias da Deputación son impropias e reitera o excesivo gasto de persoal. Non entende que desfacerse de competencias impropias sexa asumi-lo que dá gasto e non se busque outro tipo de saída.

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, di que o portavoz do Grupo Popular non os pode acusar de dicir unha cousa e o contrario. A Deputación ten moitos servizos que lle son impropios e así se reconece no propio prego de cláusulas administrativas, e a Deputación asume servizos que non debería prestar que para o único que lles vale é para colocar xente. Se funcionou ata agora era porque así lles conviña. O Grupo Socialista non vai defender que o persoal que traballa nesta casa nas distintas dependencia agora teña que ir á rúa, pero isto non ocorrería se non se crease este monstro que agora non se pode manter. Pide seriedade porque estamos a falar dunhas instalacións importantes (33 Ha da zona A, 16 Ha da zona B, pistas, picadeiros, bancadas, caixóns de saída, 42 Ha de prado, e algún animal). Durante os próximos quince anos esta casa vai percibir por todo isto trescentos mil euros, que é o custo aproximado dun só operario durante dez anos. Hai que poñer-los números por riba da mesa. Ó Grupo Socialista parécelle ben que se externalicen servizos impropios pero que non se regalen, aínda por riba asumindo os custos do persoal, porque forman parte dos custos xerais desta casa. Dise que o persoal laboral eventual ten que cesar e só se quedará o persoal fixo, xa que se fose

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

doutro xeito habería que facer un ERE, pero tería que empezarse pola propia casa sen contar con ningún servizo externo. Se a Deputación fose unha empresa e o grupo de goberno non manexase estritamente cartos que son de tódolos cidadáns tería que pechar pola súa mala xestión. Non se pode estar dicindo sempre que o momento é o que é e o Plan Estratéxico será moi bonito, pero isto xa se vía vir hai moito tempo e así o manifestaba o Grupo Socialista coa súa oposición. Hai que esperar para ver como remata este procedemento porque ese centro recibiu cartos da Unión Europea. Manifesta que se van abster pero quere que vaia por diante que o Grupo Socialista non quere deixar a ninguén tirado na rúa.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que seguramente non tódolos compañeiros da Sra. Lama estiveran en contra de que a Deputación exercese esa competencia impropia. En canto á oferta mínima de 18.000 euros que se reflicte no prego di que isto é un concurso, e se é tan rendible como pensa a oposición igual veñen moitas empresas e fan ofertas estrambóticas (cousa que pon en dúbida). Se algo bo trouxo esta crise é que todos estamos espelindo e os que gobernan entenden ben o que di. Pregunta qué administración gobernada por quen sexa non está apertando o cinto. Tamén se pregunta cantos *chiringuitos* se teñen pechado nos últimos meses. Para finalizar di que os números hai que lelos todos e tamén hai que le-los informes (non só cando interesa). O aforro neto desta actividade no primeiro ano vai ser de preto de douscentos mil euros, segundo informan os técnicos de Intervención e os do propio servizo. Todos queremos que o persoal non se vaia pero se a empresa adxudicataria se tivera que facer cargo del non habería ofertas e o concurso quedaría deserto. Adianta que na Deputación se están reformulando tódolos servizos e como dato di que desde febreiro ata o mes no que andamos reduciuse preto dun 75% a contratación temporal e se alguén pensa que minte que llo demostren.

O **Sr. presidente** manifesta que o Plan Ourense 92, que é un plan estratéxico operativo da Deputación de Ourense para o que resta de legislatura e é unha iniciativa do grupo de goberno, marca a folla de ruta desta Deputación. Cando se presentou este plan, no que figuraban 43 accións, díxose que habería unha comisión de seguimento da que formarían parte tódolos ourensáns. Este Plan levaba incorporado un cronograma dicindo cando cada acción se ía implementar e levar á práctica. Esta semana tivémo-la oportunidade de presentar dúas iniciativas: o observatorio económico provincial e accións do Inorde en materia de dinamización turística e empresarial, como base para seguir na competencia fundamental desta

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Deputación que é a asistencia e cooperación ós concellos. No plan de reestruturación que ía dentro do Plan Ourense 92, recollíase, como unha das accións, renunciar ó Centro Ecuestre de Antela en setembro de 2012 e á Escola de Equitación de Vilamarín (que xa foi a un pleno anterior) e intenta-la súa externalización. Isto é o que se está a facer no mes e no ano que se dixo. Nese Plan Ourense 92 se falaba da posta en marcha dun plan de canceiras provincial - cuxa data de funcionamento se fixaba en xullo de 2014-, e nos próximos días terán lugar reunións cos alcaldes de Xinzo de Limia e do Carballiño para asumir directamente as xestións desas canceiras. Neste pleno (como moción de urxencia) vaise trata-la aceptación da Deputación da delegación do Concello de Muíños para inicia-los trámites de expropiación de terreos para a que sería a canceira da Baixa Limia, é dicir, estamos a face-lo que dixemos que iamos facer. Con estas medidas inciden no apoio ós concellos, creando brigadas en materia de medio rural e medioambiental. Estamos deixando servizos impropios da Deputación, que implican unha redución do gasto público, uns douscentos mil euros anuais, que no que resta de legislatura serán un mínimo de seiscentos mil euros de aforro (cen millóns das antigas pesetas) e dedicámonos á asistencia ós concellos, reasignando efectivos e poñendo en marcha brigadas de zonas verdes e limpeza viaria e servizos en centros de recollida de animais abandonados. Houbo dúas mesas xerais de negociación (20 e 25 de setembro) sen asistencia dalgunha forza sindical e despois da aprobación neste pleno destas medidas, no trámite de información pública todos terán a posibilidade de presenta-las alternativas e defende-los intereses que consideren pertinentes. A Sra. Lama empezou a súa intervención dicíndolle ó presidente “benvido ás teses do Partido Socialista” no sentido de que a Deputación deixe de xestionar este tipo de servizo; o Sr. Rodríguez Puga dixo que sempre criticaron que a Deputación se dedicara a isto. Pídelle ó Sr. Rodríguez Puga responsabilidade, porque no mes de agosto, no seu debut como portavoz do BNG, falou de que a Unión Europea abraira unha investigación contra a Deputación por este Centro Ecuestre, aínda que rectificou ó día seguinte e dixo que fora un erro e falaba de mesturar un proxecto con outro. Cre que é unha obriga de todos falar claro porque é unha obriga que nos imponen os cidadáns ós que representamos, e ir contra a imaxe da Deputación é ir contra a imaxe da provincia.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Agricultura e Medio Ambiente, e co voto favorable dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

deputados presentes do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-lo prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, cuxo contido é o seguinte:

I.- OBXECTO, XUSTIFICACIÓN DAS NECESIDADES PARA SATISFACER E CÓDIGO CPV

De conformidade co disposto nos artigos 22 e 86 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro de 2011 (en adiante TRLCSP), o obxecto deste prego de cláusulas administrativas particulares é regular a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, mediante a explotación das instalacións destinadas para tal fin, sitas no termo municipal de Sandiás, co fin de desenvolve-las actividades, características desta instalación, a saber: centro de cría, centro de adestramento en distintas disciplinas hípcas, celebración de carreiras, celebración de competicións federadas e estabulación de equinos.

Así mesmo admitirase a oferta polos licitadores interesados de actividades complementarias das enumeradas no parágrafo anterior, con especial consideración das de natureza deportiva, turística e de ocio e adecuada utilización do tempo libre, e calquera outra de análoga natureza.

Para a explotación deste servizo a Deputación Provincial porá a disposición do adxudicatario as parcelas da súa propiedade actualmente adscritas á explotación agropecuaria de Antela cunha superficie destinada a pradería dunhas 41 Ha e unha superficie construída dunhas 6 Ha, xunto co mobiliario, o equipamento e os semoventes que se describen de forma detallada no anexo a este prego.

O adxudicatario quedará obrigado a adquirir da Deputación corenta e dous (42) unidades de boxes portátiles de 3 x 3 metros, instalados na zona C das instalacións reflectidas no anexo a este prego, polo importe de 21.000,00 € (impostos incluídos), debendo efectua-lo ingreso da dita cantidade nas arcas provinciais no prazo máximo de 30 días contados desde a formalización do contrato, constituíndo a falta de ingreso da dita cantidade en prazo, causa de resolución do contrato por incumprimento do adxudicatario. Para estes efectos, coa perfección do contrato producirase a baixa dos ditos boxes portátiles do inventario provincial de bens.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Coa convocatoria desta licitación preténdese darlles cumprimento ás directrices fixadas polo plan estratéxico da Deputación de Ourense para o período 2012-2015, poñendo a disposición da iniciativa privada as instalacións do centro ecuestre, de xeito que poida manterse e mesmo incrementarse a actividade actual, en tódalas súas vertentes (cría, adestramento en distintas disciplinas, carreiras, competicións federadas...)

Códigos CPV: 92610000-0 (Servizos de explotación de instalacións deportivas) e 92622000-7 (Servizos de organización de espectáculos deportivos).

II.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN

A prestación do servizo denominado “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, contratarase mediante procedemento aberto (artigos 157 ó 161 do TRLCSP) e en trámite ordinario (artigos 109 e 110 do TRLCSP).

III.- NATUREZA

Este contrato cualifícase como contrato administrativo especial, de conformidade co disposto no artigo 19.2 do TRLCSP, pola súa vinculación ó fomento dos intereses peculiares da provincia na súa dimensión de realización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte. Todo isto ó abeiro do disposto nos artigos 36.1.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

IV.- FINANCIAMENTO: SISTEMA DE RETRIBUCIÓN E CANON PARA ABOARLLE Á ADMINISTRACIÓN

O adxudicatario retribuirase exclusivamente cos prezos percibidos dos usuarios, de acordo coa propia oferta presentada por el mesmo no plan de explotación. As ditas tarifas serán obxecto de revisión anual, en atención á variación experimentada polo Índice de Prezos ó Consumo no ano natural inmediatamente anterior a aquel en que se produza a revisión, considerándose para tales efectos os datos publicados polo Instituto Nacional de Estatística.

Establécese como canon mínimo para aboar polo prestador do servizo á Deputación a cantidade de 1.500 € mensuais (impostos incluídos), podendo ser mellorado o dito importe polos licitadores na súa oferta. O canon ofertado será igualmente obxecto de revisión anual polo mesmo procedemento establecido para as tarifas pola prestación do servizo.

V.- DURACIÓN DO CONTRATO.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

O prazo de prestación do servizo será de 10 anos, contados desde o día seguinte ó da formalización, en documento administrativo, do correspondente contrato. Este prazo poderase prorrogar por períodos anuais ata unha duración máxima, incluídas as prórrogas, de 15 anos.

Ó termo do contrato, a totalidade das obras, instalacións e equipamentos cedidos pola Deputación ó contratista, reverteranlle á Deputación en perfecto estado de conservación e libres de calquera carga ou gravame, de conformidade coa oferta formulada relativa ó Plan de mantemento e conservación das instalacións e equipos, do proxecto de explotación.

VI.- GARANTÍA PROVISIONAL

Non se esixe garantía provisional para participar neste expediente tendo en conta o seu su carácter potestativo, de conformidade co disposto no artigo 103 do TRLCSP.

VII.- GARANTÍA DEFINITIVA

O importe da garantía definitiva para constituír polo adxudicatario, en calquera das modalidades previstas no artigo 96.1 do TRLCSP, establécese a tanto alzado no importe de 15.000 €.

En todo caso, axustarase ó disposto nos artigos 55 e seguintes do RXLCAP, así como ós modelos que figuran nos anexos do expresado regulamento.

A dita garantía constituirase no prazo de 10 días hábiles contados desde o seguinte ó da recepción do requirimento efectuado polo órgano de contratación co dito fin. En caso de demora presumirase que o licitador retira a súa oferta e procederase consonte co disposto no artigo 151.2 do TRLCSP.

VIII.- CONDICIÓN DOS LICITADORES.

Poderán participar na licitación as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, acrediten a súa solvencia económico-financiera e técnica ou profesional, non se encontren comprendidos en ningunha das prohibicións para contratar previstas no artigo 60 do TRLCSP e dispoñan da habilitación empresarial ou profesional necesaria para a execución da prestación que constitúe o obxecto deste contrato (artigo 54.1 e 2 do TRLCSP).

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto, de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acredita-la súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato ha de ostenta-la plena representación de todos eles fronte á Administración e que asumen o compromiso de constituírse en Unión Temporal de Empresas (artigo 24 RXLCAP). O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

IX.- DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR.

As proposicións serán secretas e presentaranse en tres sobres pechados ou libros separados e asinados polos licitadores ou persoa que os represente:

SOBRE NÚMERO 1. Levará a mención “Documentación administrativa do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, presentada por..... coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa.

No interior do sobre farase constar, en folio independente, o seu contido enunciado numericamente.

O sobre deberá conte-la seguinte documentación, de acordo co disposto no artigo 146 do TRLCSP:

1. Aquela que acredite a personalidade do empresario: tratándose de persoas xurídicas acreditarase, ben mediante a escritura de constitución e de modificación, se é o caso, inscritas no Rexistro Mercantil, ben mediante escritura ou documento de constitución, modificación, estatutos ou acto fundacional, inscrito, se é o caso, no correspondente rexistro oficial, acompañadas da correspondente escritura de poder, validada polo secretario da Deputación ou polos seus servizos xurídicos e do NIF do apoderado.

A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican no anexo I do RXLCAP, en función dos diferentes contratos.

No suposto de concorrer un empresario individual será suficiente a achega do NIF e, se é o caso, a escritura de apoderamento debidamente legalizada, ou as súas fotocopias debidamente autenticadas.

2. Xustificación da solvencia económico-financiera mediante a presentación dunha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

declaración apropiada de entidade financeira, de conformidade co disposto na letra a) do artigo 75 do TRLCSP.

3. Xustificación da solvencia técnica mediante a presentación dunha relación dos servizos similares (xestión de instalacións hípcas) prestados polos licitadores nos últimos tres anos, de conformidade co disposto na letra a) do artigo 78 do TRLCSP, en relación co artigo 68 do dito texto legal. Para estes efectos non se considerarán solventes os licitadores que non acrediten a prestación de polo menos un servizo de natureza análoga nos últimos tres anos.

4. Xustificación de non encontrarse o licitador, incurso en ningunha das prohibicións de contratar co sector público do artigo 60 do TRLCSP, con expresa mención de encontrarse ó corrente no cumprimento das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, presentada consonte co disposto no artigo 73 do TRLCSP.

5. Para as empresas estranxeiras, declaración expresa de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para tódalas incidencias que de modo directo ou indirecto poidan derivarse deste contrato, con renuncia ó foro xurisdicional estranxeiro que puidese corresponderlles. As empresas estranxeiras non comunitarias, ademais, deberán acreditar que teñen aberta sucursal en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e que estean inscritas no Rexistro Mercantil.

Toda a documentación presentarase en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada.

SOBRE NÚMERO 2. Figurará nel a seguinte inscrición: “Proposición económica I, relativa ós criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor, do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, presentada por..... coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa: Este sobre incluirá ol PROXECTO DE EXPLOTACIÓN, co seguinte contido mínimo:

- ✓ Recursos humanos e organigrama xeral de persoal.
 - Os licitadores detallarán e xustificarán na súa oferta o deseño do cadro de persoal que consideran adecuada para a realización de tódolos traballos que abrangue o contrato, especificando organigrama xeral, postos de traballo, funcións e categorías do persoal e a repercusión na creación de emprego.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

- O organigrama irá acompañado dunha memoria explicativa da organización dos servizos, sinalando as misións de cada categoría e as funcións e responsabilidades de cada posto.
- Con relación ós medios humanos, os licitadores terán en conta as necesidades do cadro de persoal para responder a períodos de vacacións, baixas, substitucións, etcétera., co fin de garantir adecuadamente a prestación do servizo en calquera momento.
- ✓ Plan de mantemento e conservación das instalacións e equipos.
 - Os licitadores elaborarán unha proposta detallada do plan de mantemento e conservación co fin de manter en bo estado de aspecto, conservación, funcionalidade e rendemento, tanto a obra civil como as instalacións fixas, a maquinaria móbil e os equipos auxiliares. Así mesmo, incluírase neste plan de mantemento e conservación un plan de limpeza das instalacións.
- ✓ Plan de seguridade e saúde
 - Elaborarase unha proposta de plan de seguridade e saúde para o centro no que se describirán os principais riscos laborais asociados á explotación e as medidas de prevención correspondentes.
- ✓ Plan de emerxencias
 - Os licitadores deberán achegar un plan de prevención de incendios e outras emerxencias, que estableza o protocolo de actuacións para realizar fronte ás posibles situacións anómalas ou atípicas que poden producirse na prestación do servizo.
- ✓ Estudo de viabilidade económico-financiera:
 - Deberá incluír tódolos elementos e documentación necesarios para xustificar a viabilidade da oferta formulada, de forma que, a existencia de contradicións relevantes na documentación presentada, a omisión de datos esenciais ou o establecemento de presupostos de imposible ou moi difícil cumprimento, a xuízo motivado da administración, darán lugar ó rexeitamento da oferta presentada. En

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

todo caso o documento incluirá as tarifas aplicables ós diferentes servizos ofertados e a demanda prevista para eles.

✓ Memoria de actividades

- Os licitadores incluirán neste documento de forma detallada o conxunto de prestacións que se comprometen a realizar en execución deste contrato con especificación do horario de apertura e uso das instalacións.

A omisión de calquera dos documentos anteriores ou das súas determinacións esenciais, ocasionará o rexeitamento da oferta no seu conxunto

SOBRE NÚMERO 3. Figurará nel a seguinte inscrición: Proposición económica II, relativa ós criterios de adxudicación avaliados de forma automática, do procedemento aberto para a contratación administrativa especial da prestación do servizo denominado “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, presentada por..... coa sinatura do licitador ou persoa que o represente e indicación do nome, apelidos ou razón social da empresa, que incluirá a plica, de conformidade co seguinte modelo:

Don/a ..., con domicilio en ..., NIF número. ..., en nome propio (ou en representación de ..., como acredita con ...), informado/a do expediente e condicións para a contratación da prestación do servizo “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, comprométese á súa execución, con suxeición ás bases aprobadas e á lexislación sectorial aplicable, comprometéndose a aboarlle á Deputación en concepto de canon pola explotación do servizo a cantidade de € mensuais (impostos incluídos).

Lugar, data e sinatura.

Cada licitador non poderá presentar máis que unha soa proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en agrupación temporal con outras, se o fixo individualmente. A contravención deste principio dará lugar automaticamente ó rexeitamento de tódalas que presentou.

Os sobres presentaranse pechados no rexistro da Deputación e poderán estar lacrados ou precintados. Poderán igualmente enviarse por correo nas condicións previstas no artigo 80.4 do RXLCAP.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

incondicionada das cláusulas deste prego e a declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración, conforme co artigo 145.1 do TRLCSP.

Este prego de cláusulas administrativas particulares forma parte do expediente de contratación que será aprobado polo órgano de contratación competente, previamente á apertura do procedemento de licitación e adxudicación.

X.- MESA DE CONTRATACIÓN

A mesa de contratación estará integrada, de conformidade co disposto no apartado 10 da D.A. 2ª do TRLCSP, do seguinte modo:

- Presidente: o vicepresidente da Deputación, D. Rosendo Luís Fernández Fernández.
- Vogais: o secretario, D. Francisco Cacharro Gosende, a interventora, D.ª Mónica Legaspi Díaz, o xerente do Centro Ecuestre, D. Ángel Gumersindo González González, o xefe do Servizo de Agricultura e Gandería, D. Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez e o xefe do Servizo Provincial de Investimentos, Subvencións e Patrimonio, D. Javier Martínez de Anta.
- Secretario: o xefe do Negociado Provincial de Subministracións e Servizos da Sección de Contratación, D. Fernando Rodríguez Rodríguez.

XI.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E SOLICITUDES DE INFORMACIÓN

As proposicións presentaranse en sobres pechados e asinados polo licitador ou persoa que o represente, no rexistro xeral da Deputación en días e horas de oficina, ata as 14.00 horas do vixésimo (20º) día natural contado desde o seguinte ó da publicación do anuncio de licitación no Diario Oficial de Galicia. Se o último día do prazo de presentación da documentación coincidise en sábado ou festivo, entenderase prorrogado o dito prazo ó primeiro día hábil seguinte. O anuncio de licitación publicarase igualmente no BOP de Ourense e as bases íntegras no perfil do contratante (www.depourense.es).

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos cinco primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, canta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas, debendo serlles facilitada con, polo menos, seis días de antelación á finalización do prazo de presentación de ofertas (artigo 92.1 do RXLCAP, en relación co artigo 158.2 do TRLCSP).

Os gastos de publicidade serán por conta do adxudicatario ata o importe máximo de 3.000,00 €.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

A documentación poderá igualmente remitirse por correo, nas condicións previstas no artigo 80.4 do RXLCAP. De conformidade co artigo 80 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, se as proposicións se enviasen por correo, o licitador deberá xustificar ante esta Administración a data e hora de imposición do envío na Oficina de Correos e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante fax ou telegrama no mesmo día, no que se reflecta a hora na que se fixera entrega da oferta na Oficina de Correos.

XII.- CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL E APERTURA DE PROPOSICIÓNS.

O acto licitatorio desenvolverase nos termos seguintes:

O día seguinte hábil (excepto sábados), a aquel en que finalice o prazo de presentación de proposicións, constituirase a mesa de contratación para a cualificación dos documentos presentados en tempo e forma no sobre número 1, formalizándose a acta correspondente. Se non existisen deficiencias que corrixir, a apertura do sobre número 2, efectuarase o mesmo día, ás 12,00 horas, na sala de xuntas do Pazo Provincial.

Noutro caso, a mesa de contratación, se observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarallo verbalmente ós interesados. Sen prexuízo do anterior, as circunstancias deberán facerse públicas a través de anuncios do órgano de contratación, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para a corrección ou rectificación dos defectos ou omisións ante a mesa de contratación, procedéndose á apertura en acto público do sobre número 2, o quinto día hábil posterior (excepto sábados) ó do vencemento do prazo de presentación de proposicións, ás 12,00 horas, na sala de xuntas do Pazo Provincial.

Unha vez examinada e cualificada a documentación que conste no sobre 2, procederase á apertura, en acto público, do sobre número 3, dándolles conta previamente ós licitadores da puntuación obtida por cada un deles en canto ó sobre 2 e, se é o caso, do rexeitamento da oferta presentada pola omisión de documentos ou determinacións esenciais ou pola existencia de defectos esenciais no estudo de viabilidade de calquera das explotacións. A apertura do sobre 3 efectuarase na sala de xuntas do Pazo Provincial, ás 12,00 horas do día que determine a mesa, que será comunicado telefonicamente ós licitadores na mañá do día inmediatamente anterior á celebración do acto.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

No suposto de envío de documentación por correo que faga imposible a cualificación da documentación e a apertura de proposicións nas datas sinaladas, o secretario da mesa de contratación comunicaralles ós licitadores, á maior brevidade posible, as novas datas fixadas para tales actos.

XIII.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para os efectos da adxudicación deste contrato, teranse en conta os seguintes criterios, coa ponderación que se indica para cada un deles:

- 1.- Valoración do proxecto de explotación do Centro Equestre da Deputación de Ourense, 0 a 45 puntos, a xuízo motivado do Comité de Expertos designado con tal fin, con especial consideración do interese social da proposta e da súa viabilidade.
- 2.- Canon ofertado pola explotación do Centro Equestre da Deputación de Ourense, de 0 a 5 puntos, asignándosele 5 puntos ó maior canon ofertado e ós demais a que corresponda de acordo coa seguinte regra.:

$$\text{Puntuación A} = \frac{\text{Canon ofertado por A} \times 5 \text{ puntos}}{\text{Maior Canon ofertado}}$$

En todo caso asignaráselles 0 puntos a aquelas ofertas que só igualem o canon mínimo de 1.500 € mensuais (impostos incluídos) e serán rexeitadas as que oferten un canon por importe inferior.

XIV.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN E ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

A mesa de contratación, trala solicitude e análise do ditame do comité de expertos designado conforme coas normas do TRLCSP para a análise e cualificación das ofertas obtidas no sobre 2 e, se é o caso, dos informes, técnicos ou xurídicos, que estime pertinentes relacionados co obxecto do contrato, presentaralle as proposicións coa acta correspondente e a proposta que estime pertinente ó órgano de contratación para a adxudicación do contrato.

Unha vez vista a proposta da mesa, o órgano de contratación clasificará as ofertas presentadas e admisibles por orde decrecente, en atención ós criterios de adxudicación e requiriralle ó licitador que presentase a oferta que no seu conxunto resulte economicamente máis vantaxosa, para que dentro dos dez días hábiles seguintes ó da recepción do dito requirimento achegue os xustificantes de estar ó corrente no cumprimento das obrigacións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

tributarias e coa seguridade social e de constitución da garantía definitiva esixible. De non cumprimentarse o dito requirimento en tempo e forma, entenderase que a oferta foi retirada, requiríndose a documentación indicada do seguinte licitador de conformidade coa orde de clasificación das ofertas. Cumprido o requirimento e no prazo máximo de cinco días hábiles, o órgano de contratación ditará resolución motivada adxudicando o contrato, sen que poida declararse deserto o expediente cando exista algunha oferta admisible (artigo 151.3 do TRLCSP).

Non obstante o anterior e antes da adxudicación, o órgano de contratación poderá, mediante resolución motivada, renunciar á celebración do contrato ou desistir do procedemento, nos termos regulados no artigo 155 do TRLCSP.

A adxudicación seralles notificada ós licitadores e publicada no perfil do contratante (<http://www.depourense.es>).

XV.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato, en documento administrativo e, se é o caso, en escritura pública, materializarase dentro do prazo de 15 días hábiles contados desde o seguinte ó da recepción da notificación polos licitadores do acordo de adxudicación. De conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP, a formalización publicarase, en todo caso, no perfil do contratante e se a contía do contrato fose igual ou superior a 100.000 € publicarase ademais no BOP de Ourense.

XVI.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

O prestador do servizo denominado “Centro Ecuestre da Deputación de Ourense”, terá os dereitos e obrigacións que se relacionan:

A) Dereitos

1. A ser respectado por terceiros na súa condición de contratista e a obte-lo apoio e protección necesaria da administración para a realización da actividade en condicións de normalidade e para o cesamento das perturbacións que se poidan producir.
2. Á percepción dos usuarios das contraprestacións pactadas pola prestación do servizo.
3. A propoñerlle á Administración cantas modificacións estime necesarias respecto da execución do contrato, para a súa consideración polo órgano de contratación.

B) Obrigacións

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

1. Presta-lo servizo coa continuidade e regularidade debidos nos termos establecidos na súa oferta, sen prexuízo das instrucións ditadas posteriormente polo órgano de contratación. En todo caso a realización de novas actividades non contempladas no proxecto de explotación do servizo requirirá da autorización previa da Deputación.
2. Adquirir e repoñer tódolos elementos precisos para a posta en marcha das instalacións e contratar ó persoal necesario co dito fin, sendo ó seu cargo o pago dos salarios e emolumentos de toda índole que lle correspondan ó persoal.
3. Permitir que en calquera momento os servizos técnicos da administración poidan inspecciona-lo estado de conservación das instalacións e a explotación do servizo e subministrar canta información lle sexa requirida polos ditos servizos.
4. Indemnizar a terceiros polos danos que poida produci-lo funcionamento do servizo por causa imputable ó contratista ou ó persoal ó seu servizo.
5. Manter en perfecto estado de conservación, hixiene e limpeza a construción, servizos e instalacións, efectuando as reparacións que fosen precisas para o efecto.
6. Manter, á súa costa, a vixilancia permanente das instalacións.
7. No allear ni gravar ningún tipo de bens afectos ó servizo que houbesen de reverter á administración, salvo autorización expresa desta.
8. Satisface-los tributos legalmente establecidos, incluídos os que correspondan en concepto de IBI polos bens cedidos
9. Aboa-los gastos por mantemento do material e instalacións, subministracións de auga e enerxía eléctrica, recollida de lixo, saneamento, telefonía, seguros de carácter obrigatorio para vehículos e maquinaria e os demais que resulten precisos para o bo funcionamento do servizo.
10. Obter, á súa costa, tódalas autorizacións necesarias para a explotación do servizo.
11. Cumpli-las disposicións legais e regulamentarias vixentes, en especial as laborais, en tódolos seus aspectos, incluídos a previsión e Seguridade Social en vigor. En consecuencia, o contratista deberá formaliza-la protección respecto ás continxencias de accidentes de traballo e de enfermidade do persoal ó seu servizo coa mutualidade

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

laboral correspondente. Así mesmo, o contratista observará rigorosamente a lexislación sanitaria e sobre seguridade e saúde no traballo e prevención de riscos laborais.

12. Formalizar cunha compañía de seguros, unha póliza que cubra a todo risco os inmobles que comprendan as instalacións, e de responsabilidade civil fronte terceiros, incluídos os danos por incendio, coas seguintes coberturas:
 - Inmobles (continente e contido): 300.000. €
 - Responsabilidade civil: 300.000 €
13. Velar pola boa orde do servizo, ditando as instrucións precisas, sen prexuízo dos poderes de policía da administración titular deste.
14. Levar un libro de reclamacións de acordo coa normativa vixente.
15. Levar unha contabilidade clara da actividade obxecto deste contrato.
16. Cumprir as demais obrigacións ó seu cargo dimanantes deste prego ou que sexan de aplicación.
17. Designar un delegado da empresa con capacidade para exercer a súa representación nos actos derivados do cumprimento das obrigacións do contrato e para organizar e executar os servizos e dita-las instrucións para o seu desenvolvemento. Este delegado actuará á súa vez como representante e único interlocutor válido ante a deputación respecto á xestión da prestación do servizo.

A Deputación ostenta as prerrogativas e obrigacións que se establecen no TRLCSP, dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na citada Lei e no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e, en particular, as seguintes:

A) Dereitos

1. Á reversión das obras, instalacións e equipamentos vinculados ó contrato cedidos pola deputación ó contratista, libres de calquera carga ou gravame, ó día seguinte da súa terminación, cesando no aproveitamento dos bens, poñendo todos eles a disposición da administración en perfecto estado de conservación e mantemento.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

2. A inspeccionar, en calquera momento, o servizo, as súas obras e instalacións.
3. A resolve-lo contrato antes do seu vencemento, se o aconsellaren circunstancias de interese público. Salvo cando a resolución estea baseada en causas imputables ó adxudicatario, procederá o resarcimento de danos e indemnización de prexuízos, de acordo coas disposicións legais vixentes. En tales supostos o adxudicatario comprométese a abandonar e deixar libres as instalacións no prazo dun mes, a partir da notificación do acordo de resolución. Noutro caso, perdería automaticamente o dereito a resarcimento e indemnización, sen prexuízo das accións legais que puidese emprende-la Deputación.

B) Obrigacións

Outorgarlle ó adxudicatario a protección adecuada para que poida presta-lo servizo en condicións de normalidade.

Os acordos que dite o órgano de contratación, tralo informe previo da Asesoría Xurídica, no exercicio das súas prerrogativas de interpretación, modificación e resolución, serán inmediatamente executivos.

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar por razóns de interese público o contrato con suxeición ó disposto nos artigos 105 ó 108, 219 e 282 do TRLCSP e 158 a 162 do RXLCAP.

XVII.- CUMPRIMENTO DEFECTUOSO

En caso de cumprimento defectuoso das obrigacións que lle incumben ó adxudicatario do que resulte unha perturbación grave e non reparable por outros medios do funcionamento do servizo obxecto de contratación, a administración poderá optar entre a resolución do contrato ou a intervención (secuestro) do servizo ata que aquela desapareza, debendo o contratista indemnizar á administración, en todo caso, polos danos e perdas que por tal causa se lle irrogasen.

XVIII.- EXTINCIÓN DO CONTRATO E REVERSIÓN DAS INSTALACIÓNS

O contrato extinguirase polo transcurso do prazo ou por resolución deste.

Ó termo do servizo, ben sexa por cumprimento do prazo ou por calquera outra causa, as obras e instalacións afectas ó servizo reverteranlle á Deputación en pleno dominio e libres de cargas e en condicións de conservación e funcionamento adecuados nos termos da cláusula XVI.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

XIX.- GASTOS

O adxudicatario quedará obrigado a pagar o importe dos gastos de publicidade da licitación ata o importe máximo de 3.000,00 € e de cantos outros gastos se deriven dos trámites de preparación, adxudicación, formalización e execución do contrato, incluídos todo xénero de tributos e prezos públicos estatais, autonómicos ou locais e en particular os gastos por consumo de auga potable, enerxía eléctrica, saneamento, recollida de residuos, telecomunicacións e demais vinculados ó normal funcionamento e explotación da instalación.

XX.- CÓMPUTO DE PRAZOS

Conforme co disposto na D.A. 12ª do TRLCSP, tódolos prazos que se sinalen en días enténdense naturais, a no ser que expresamente se faga constar que se trata de días hábiles.

XXI.- CONFIDENCIALIDAD

Sen prexuízo das disposicións do Texto refundido da Lei de contratos del sector público, relativas á publicidade da adxudicación e á información que se lles debe dar ós candidatos e ós licitadores, estes poderán designar como confidencial parte da información facilitada por eles ó formula-las ofertas, en especial con respecto ós secretos técnicos ou comerciais e ós aspectos confidenciais delas. Os órganos de contratación non poderán divulgar esta información sen o seu consentimento. De igual modo, o contratista deberá respectar o carácter confidencial daquela información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato á que se lle dera o referido carácter nos pregos ou no contrato, ou que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. Este deber manterase durante un prazo de cinco anos desde o coñecemento desa información.

XXII.- NORMATIVA APLICABLE E FORO XURISDICCIONAL

En todo o non previsto neste prego, rexerá, en canto á preparación, adxudicación efectos e extinción do contrato, o disposto no TRLCSP e nas súas disposicións de desenvolvemento e no RXLCAP; supletoriamente, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto as normas de dereito privado (artigo 19.2 do TRLCSP). Serán vinculantes para o adxudicatario as ordes e instrucións ditadas polos funcionarios D. Ángel Gumersindo González González e D. Manuel Ángel Rodríguez Rodríguez, que gozarán da condición de responsables do contrato para os efectos do disposto no artigo 52 do TRLCSP.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

En particular resultará de aplicación a normativa estatal e autonómica sectorial vixente nesta materia, de acordo coa orde constitucional de distribución de competencias.

As controversias que puidesen xurdir entre as partes no ámbito deste contrato, se tramitarán, de se-lo caso, ante a xurisdición contencioso-administrativa (artigo 21.1 do TRLCSP).

XXIII.- EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

O expediente de contratación no que se integra o presente prego, será sometido a aprobación da Corporación Provincial e queda depositado na sección de Contratación do Servizo de Investimentos para que os licitadores e demais interesados, poidan examinalo e formula-las observacións e reclamacións que estimen pertinentes, sen que a interposición destas produza per se, efectos suspensivos sobre a tramitación do expediente.

2º.- Ordena-la apertura da fase de adxudicación, mediante a publicación dos pertinentes anuncios de licitación no DOG e no BOP e das bases íntegras no perfil do contratante.

3º.- Delegar na Xunta de Goberno a adxudicación deste expediente, sen prexuízo de que se lle dea conta á Corporación Provincial na primeira sesión que teña lugar.

ANEXO Ó PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN ADMINISTRATIVA ESPECIAL DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO “CENTRO ECUESTRE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE”

1.- Instalacións.

Serán obxecto de cesión ó prestador do servizo as instalacións do centro ecuestre da deputación na Lagoa de Antela –termo municipal de Sandiás- que seguidamente se describen, distribuídas en 3 zonas (de conformidade cos planos de distribución que se achegan):

ZONA A :

Comprende uns 33.000 metros cadrados, cercados no seu perímetro, que inclúen:

1. Vivenda de planta baixa, duns 140 metros cadrados.
2. Nave de boxes, duns 360 metros cadrados, con 18 boxes de 3,5 x 3,5 metros cadrados e guadarnés duns 24 metros cadrados.
3. Nave de boxes das mesmas características e dimensións que a construción anterior.
4. Nave de boxes, das mesmas dimensións que as anteriores, pero dividida á metade, con 9 boxes + guadarnés en cada unha das súas dúas partes.
5. Nave de boxes, das mesmas dimensións e características que as descritas nos números 2 e 3.
6. Nave almacén de 150 metros cadrados.
7. Esterqueira cuberta de 360 metros cadrados.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

8. Edificio de 180 metros cadrados, concibido para cafetería e vestiarios, sen rematar no seu interior.
9. Nave obradoiro de 180 metros cadrados.

O cercado da zona A inclúe tamén a zona de aparcamentos e servizo, así como un pequeno prado cercado de 4.800 metros cadrados.

ZONA B:

Comprende uns 16.000 metros cadrados, cercados no seu perímetro, que inclúen:

- Bloque de oficinas e servizos dotado de:
 - Oficina 1, de 12 metros cadrados, con mesa e cadeira de oficina, moble estante, PC, impresora e central telefónica
 - Oficina 2, de 12 metros cadrados, con mesa e cadeira de oficina e moble - estante pechado.
 - Vestiarios: 36 metros cadrados, separados por sexos e equipados con sanitarios e armarios.
 - Caixa de primeiros auxilios de 12 metros cadrados, equipado con estantes e armario de caixóns.
 - Sala de curas, con solo antiesvarante e lavable. Equipada con poldro de suxeición.
1. Nave de boxes de 600 metros cadrados, con 26 boxes equipados de 3,5 x 3,5 metros, máis 2 duchas de 3,5 x 3,5.
 2. Nave de boxes de 600 metros cadrados, con 26 boxes equipados de 3,5 x 3,5 metros, guadarnés pechado e ducha.
 3. Nave de boxes, das mesmas dimensións e características que a anterior.
 4. Nave almacén, de 580 metros cadrados, subdividida en 3 partes con portas de acceso individuais.
 5. Picadeiro cuberto, de 500 metros cadrados.
 6. Nave de sementais, de 160 metros cadrados, con 6 boxes equipados de 4 x 4 metros.
 7. Camiñador automático “Rower & Rub”, de 18 metros de diámetro, con pista cuberta e solada en caucho.

ZONA C:

Zona de competición, pavimentada, coas seguintes instalacións:

1. Picadeiro cuberto, de 1800 metros cadrados, con pista de 25 x 60 metros e minibancada de 20 x 1.2 metros, sobreelevada e construída en madeira. Equipado con rega por aspersión programable, con presurización adicional.
2. Bancada cuberta de 320 metros cadrados, con capacidade para uns 800 espectadores, con equipo de megafonía instalado. O baixo da bancada está dividido en:
 - Zona de apostas, duns 50 metros cadrados, con tomas ADSL, mostrador e soporte para monitores.
 - Aseos público, separados por sexos e con zona específica para discapacitados.
 - Vestiarios para profesionais, separados por sexos, equipados con sanitarios e despacho de billetes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

- Zona de oficinas, con mesa de oficina, cadeiras e armarios pechados.
- 3. Caseta de xuíces, subdividida en 2 partes de 9 metros cadrados cada unha, con terraza practicable nunha das súas partes e almacén na parte inferior de ambas. Dotada con equipo de megafonía.
- 4. Pista de velocidade de 1460 metros de corda x 20 metros de ancho, de area, cercada na súa totalidade con PVC.
- 5. Pista de doma de 3.800 metros cadrados, de area.
- 6. Pista de salto de 5.000 metros cadrados, de herba.

BOXES PORTÁTILES

Pasarán a ser de propiedade do adxudicatario as 42 unidades de boxes portátiles de 3 x 3 metros instalados na zona C, nas inmediacións do picadeiro cuberto, debendo aboarlle á Deputación por eles o prezo de taxación fixado na cantidade total de 21.000,00 euros (impostos incluídos) a razón de 500,00 euros por unidade (impostos incluídos).

EQUIPAMENTO ESPECIAL:

Polas súas especiais características, o seguinte equipamento cederáselle ó adxudicatario condicionando a súa utilización en competicións hípcas que teñan lugar no Centro Ecuestre, revertendo á Deputación de Ourense no caso de que non sexa utilizado nun período de dous anos contados desde a formalización do contrato. Os equipamentos especiais que se ceden son os seguintes:

- Caixóns de saída para carreiras.
 - o Módulo de 6 unidades, portátil, construído en aceiro, pintado en verde.
 - o Módulo de 8 unidades, portátil, construído en aceiro, pintado en verde.
 - o Módulo de 6 unidades, portátil, construído en aceiro -aluminio, pintado en branco.
 - o Módulo de 8 unidades, portátil, construído en aceiro -aluminio, pintado en branco.
- Equipamento de expedición de apostas.
 - o 6 máquinas expendedoras - pagadoras. Impresión de boletos con códigos de seguridade.
 - o Software e hardware necesario para o funcionamento das máquinas conectadas a un servidor remoto.

3.- Prados

Serán obxecto de cesión ó adxudicatario as parcelas sinaladas no plano adxunto, todas elas dedicadas a pradería:


- Parcela 1: dunhas 4 Ha, cercada con postes e traveseiro dobre de madeira tratada.
- Parcela 2: dunhas 4 Ha, con cercado das mesmas características.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012

- Parcela 3: dunhas 4,6 Ha delimitada pola pista de velocidade, as pistas de servizo e a zona C.
- Parcela 4: dunhas 11 Ha en total, incluída no trazado da pista de velocidade e delimitada polo seu cercado.
- Parcela 5: dunhas 6,60 Ha, cercada con madeira tratada.
- Parcela 6: dunhas 3,10 Ha, cercada con madeira tratada.
- Parcela 7: dunhas 2,60 Ha, cercada con madeira tratada.
- Parcela 8: dunhas 3,50 Ha, cercada con madeira tratada.
- Parcela 9: dunhas 1,80 Ha, cercada con madeira tratada.

4.- Animais.

Cederáselle gratuitamente ó adxudicatario o semental de Puro Sangue Inglés de propiedade da Deputación WAGON MASTER, de 22 anos de idade, coa única condición de que siga sendo utilizado exclusivamente como semental.



Plano
xeral predio

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012




Plano Zona A

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012



Plano Zona B

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--



Plano Zona C

6º.- PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS PARA A REASIGNACIÓN DE EFECTIVOS PROCEDENTES DO CENTRO ECUESTRE E DA GRANXA DA LAGOA DE ANTELA.-

A deliberación deste asunto tivo lugar coa do punto 5º e 7º da orde do día.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

1º) Aprobar inicialmente o Plan Especial de Ordenación de Recursos Humanos para a Reasignación de Efectivos do Centro Ecuestre e a Granxa da Lagoa de Antela, co seguinte contido:

Plan Especial de Ordenación de Recursos Humanos para a Reasignación de Efectivos do Centro Ecuestre e a Granxa da Lagoa de Antela.

I.Memoria xustificativa:

Con data 11 de setembro de 2012, a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense ordenou a incoación do expediente para a contratación administrativa especial da explotación das instalacións do Centro Ecuestre da Lagoa de Antela (que integra tamén as antigas instalacións da Granxa de Antela), co fin de externaliza-la prestación dos servizos correspondentes a través dunha empresa privada, prevíndose que a dita externalización sexa efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2013, en execución das previsións do Plan Estratégico Ourense 92.

Como é obvio, a decisión de externalizar este servizo provincial impropio (que obedece á directriz xeral de reduci-lo gasto público e reorientalo ós sectores de acción correspondentes ó núcleo prioritario de competencias provinciais, integrado polas competencias de asistencia e cooperación con municipios) afecta ó persoal destinado nas unidades administrativas de referencia. En principio, caberían dúas opcións ó respecto, a saber:

a) Transferirle ó persoal á empresa adxudicataria, en virtude do mecanismo legal de sucesión de empresa.

b) Non transferir ese persoal, manténdoo ó servizo da Deputación Provincial, destinándoo a outras funcións.

Aínda que a adopción da opción a) suporía un maior aforro a curto prazo para a Deputación, desbotouse ó estimar que tanto a dimensión do cadro de persoal como as súas condicións de traballo, especialmente de carácter retributivo, farían inviable ou dificultarían enormemente a externalización da explotación, dado o carácter deficitario que esta ten na actualidade. Evidentemente, si podería ser viable unha transferencia parcial de persoal, pero a súa implementación práctica presenta problemas legais de moi difícil solución, ó ter que discriminar qué traballadores son transferidos e cales non, tendo en conta que practicamente todos eles teñen a mesma categoría profesional (peóns agrícolas) non existindo elementos obxectivos que permitan fundamentar axeitadamente esa discriminación.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Doutra banda, a opción b) implica mante-lo actual gasto de persoal (agás o correspondente ó persoal temporal, que loxicamente cesará nas súas funcións) e polo tanto tal opción unicamente sería admisible se ese gasto servise para o financiamento de servizos de competencia provincial.

Neste senso, considerouse a existencia dunha importante demanda por parte dos concellos de servizos de cooperación en materia de mantemento de zonas verdes e limpeza viaria, para atender a cal xa existe nestes momentos unha brigada dependente do Servizo de Augas e Medio Ambiente, que non obstante é necesario reforzar, permitindo o persoal procedente do Centro Ecuestre e da Granxa de Antela a dotación de dúas brigadas máis. Doutra banda, existe outra demanda potencial – que se fará patente no medio prazo – de persoal para as funcións de recollida de animais abandonados na rede provincial de centros de recollida, que pronto se porá en funcionamento cos centros do Carballiño e Xinzo, e á que previsiblemente se sumarán os futuros centros comarcais de Valdeorras e A Baixa Limia, cuxo financiamento está solicitado e en trámite ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Á existencia desta demanda de persoal, a curto e medio prazo, debe engadirse o dato de que, no actual contexto de contracción fiscal polo lado do gasto, é previsible que as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado, nos vindeiros anos, impidan ou limiten extraordinariamente a posibilidade de formular ofertas de emprego público, o que imposibilitaría, no seu momento, proceder a seleccionar persoal fixo para estes servizos, claramente enmarcados nas competencias provinciais de cooperación e asistencia a municipios (cooperación cos concellos no mantemento de zonas verdes e xestión dos centros de recollida de animais abandonados).

A conxunción destes factores aconsella, como medida máis razoable, o mantemento do persoal laboral fixo procedente do Centro Ecuestre e da antiga Granxa da Lagoa de Antela no cadro de persoal laboral da Deputación, e o seu reciclaxe para a prestación dos amentados servizos de competencia provincial, adscribíndoos ó actual Servizo de Augas e Medio Ambiente, que a partires de 2013 integrará – en unión do actual Servizo de Agricultura e Gandería – a Área de Medio Ambiente prevista no Plan Estratéxico Ourense 92.

A posta en práctica desta específica operación de reordenación de persoal requiriría as seguintes medidas: en primeiro lugar, o deseño de postos de traballo integrados no Servizo de Augas e Medio Ambiente axeitados para a reasignación do persoal afectado, con supresión dos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

postos de traballo de orixe, o que se levará a cabo mediante a oportuna modificación da Relación de Postos de Traballo; en segundo lugar, a integración do actual persoal do Centro Ecuestre e da antiga Granxa da Lagoa de Antela nas categorías profesionais correspondentes a eses novos postos de traballo, cando estas non sexan coincidentes coas que actualmente teñen recoñecidas; en terceiro lugar, a previsión de medidas de formación continua precisas para garantir a reciclaxe da persoal e a debida adaptación ás novas funcións que deba desenvolver.

O deseño destas medidas efectúase con respecto en todo caso ós dereitos laborais actualmente adquiridos polos traballadores, prevíndose o establecemento das compensacións oportunas nos supostos en que a reasignación de efectivos implique un suposto de mobilidade xeográfica nos termos do artigo 40 do Estatuto dos Traballadores. No que atinxe ós supostos de mobilidade funcional, esta ten un carácter horizontal (é dicir, dentro do mesmo nivel de titulación). En todo caso, a concreción da reasignación de efectivos será levada a cabo pola Presidencia, limitándose o presente Plan ó establecementos das regras para a súa aplicación. Por último, previse que no Plan de Formación Continua do exercicio 2013 se establezan medidas específicas de formación do persoal transferido, para garantir a súa plena adaptación ós novos postos asignados.

Dende o punto de vista legal, este tipo de medidas inclúense nun Plan Especial de Ordenación de Recursos Humanos, ó se-la figura prevista no artigo 69 do Estatuto básico do empregado público para a súa adopción; dada a inexistencia dunha regulación para a súa tramitación, e considerando que o seu contido ten carácter normativo, óptase pola tramitación xeral das ordenanzas locais, conforme ó artigo 49 da Lei de bases de réxime local; doutra banda, e ó contemplarse medidas de mobilidade funcional e xeográfica, efectuarase o pertinente trámite de consulta co Comité de Empresa, con carácter previo á aprobación inicial, a través da Mesa Xeral de Negociación, tendo en conta o disposto nos artigos 39, 40 e 41 do Estatuto dos Traballadores.

II. Determinacións do Plan Especial:

1. Modificación da categoría profesional do persoal laboral fixo procedente do Centro Ecuestre e antiga Granxa da Lagoa de Antela.

Con efectos da entrada en vigor do presente Plan Especial, o persoal laboral fixo actualmente adscrito ó Centro Ecuestre e á antiga Granxa da Lagoa da Antela, integrado nas

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

categorías profesionais que se indican entre paréntese na táboa esquerda, pasará a integrarse de xeito automático nas categorías correspondentes indicadas na táboa dereita.

(Monitor de Equitación) : Auxiliar de Servizos en Centros de Recollida de Animais Abandonados

(Maioral) : Capataz de Mantemento de Zonas Verdes e Limpeza Viaria

(Axudante de Instalacións Hípicas): Auxiliar de Servizos en Centros de Recollida de Animais

2. Medidas consistentes en reasignación de efectivos.

Con posterioridade á data de entrada en vigor do presente Plan Especial, a Presidencia procederá á reasignación dos efectivos actualmente destinados no Centro Ecuestre en na Granxa da Lagoa de Antela, conforme ás seguintes regras:

a) O persoal coa categoría de peón agrícola será reasignado a postos de operario nas brigadas de zonas verdes e limpeza viaria, integradas no Servizo de Augas e Medio Ambiente.

b) O persoal que actualmente posúe a categoría de maioral, integrado na categoría de capataz de brigada de zonas verdes e limpeza viaria, reasignarase a un posto de capataz de brigada de zonas verdes e limpeza viaria. Neste caso particular, ademais, e tendo en conta que este persoal goza actualmente de dereito a vivenda nas instalacións da antiga Granxa, na resolución de reasignación de efectivos establecerase un plus indemnizatorio, estimado conforme ó prezo de aluguer, a prezos actuais de mercado, dunha vivenda na localidade de Xinzo de Limia de características semellantes á actualmente ocupada, a cal deberá ser desaloxada a partir da entrada en vigor do presente Plan Especial.

c) O persoal procedente da categoría de monitor de equitación, integrado polo presente Plan na categoría de auxiliar de servizos de centros de recollida de animais abandonados, reasignarase a un posto de traballo de auxiliar de servizos no centro de recollida de animais abandonados da comarca da Limia.

d) O persoal procedente da categoría de axudante de instalacións hípicas, integrado polo presente Plan na categoría de auxiliar de servizos de centros de recollida de animais abandonados, reasignarase a un posto de traballo de coordinador dos centros de recollida de animais abandonados.

e) Nas reasignacións de efectivos previstas nos apartados a) e b), procurarase que os postos de traballo se atopen o máis próximos xeograficamente que sexa posible ós postos

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

actuais. No suposto en que as asignacións de novos postos impliquen mobilidade xeográfica, nos termos previstos no artigo 40 do Estatuto dos Traballadores, fixarase a correspondente compensación económica na resolución de reasignación.

3. Medidas complementarias de formación.

O Plan Provincial de Formación Continua para o exercicio 2013 incluírá medidas específicas de formación para o persoal afectado polo presente Plan Especial, con fin de garantir o desempeño axeitado das súas novas funcións. A asistencia ás ditas accións formativas terá carácter obrigatorio, desenvolvéndose en horario laboral. No suposto de que non puidese realizarse en horario laboral, o tempo de asistencia ás accións formativas computará como tempo efectivamente traballado, compensándose coas horas que correspondan de descanso dentro da xornada laboral ordinaria.

4. Dereito a rescisión dos contratos.

Os traballadores que se consideren prexudicados pola modificación das súas funcións derivada do presente Plane Especial terán dereito a rescindir os seus contratos, percibindo unha indemnización de vinte días por ano traballado, cun máximo de nove mensualidades. Este dereito só poderá exercerse no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da entrada en vigor do Plan.

5. Entrada en vigor.

O presente Plan Especial entrará en vigor, unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia, a partir do 1 de xaneiro 2013. Non obstante, no suposto en que na dita data aínda non fose efectiva a externalización da explotación das instalacións do Centro Ecuestre e a Granxa da Lagoa de Antela, a entrada en vigor do Plan adiarase ata o momento en que aquela se produza.

2º) Somete-lo Plan inicialmente aprobado a información pública durante trinta días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular alegacións, que deberán ser resoltas expresamente polo Pleno. En caso de que non se formulen alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación do Plan no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

7º.- MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO, CONSISTENTE NA SUPRESIÓN DO CENTRO ECUESTRE E GRANXA DA LAGOA DE ANTELA, E CREACIÓN DE NOVOS POSTOS NO SERVIZO DE AUGAS E MEDIO AMBIENTE.-

A deliberación deste asunto tivo lugar coa dos puntos 5º e 6º da orde do día.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados presentes do Grupo Popular (14), a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación da Relación de Postos de Traballo da Deputación Provincial, consistente na supresión dos postos correspondentes ó Centro Ecuestre e a Granxa da Lagoa de Antela e a creación de novos postos para a reasignación dos efectivos no Servizo de Augas e Medio Ambiente, co seguinte contido:

I. Memoria xustificativa:

Con data 11 de setembro de 2012, a Presidencia da Deputación Provincial de Ourense ordenou a incoación do expediente para a contratación administrativa especial da explotación das instalacións do Centro Ecuestre da Lagoa de Antela (que integra tamén as antigas instalacións da Granxa de Antela), co fin de externaliza-la prestación dos servizos correspondentes a través dunha empresa privada, prevíndose que a dita externalización sexa efectiva a partir do 1 de xaneiro de 2013, en execución das previsións do Plan Estratégico Ourense 92.

Como é obvio, a decisión de externalizar este servizo provincial impropio (que obedece á directriz xeral de reduci-lo gasto público e reorientalo ós sectores de acción correspondentes ó núcleo prioritario de competencias provinciais, integrado polas competencias de asistencia e cooperación con municipios) afecta ó persoal destinado nas unidades administrativas de referencia. En principio, haberían dúas opcións ó respecto, a saber:

a) Transferirlle ó persoal á empresa adxudicataria, en virtude do mecanismo legal de sucesión de empresa

b) Non transferir ese persoal, manténdoo ó servizo da Deputación Provincial, destinándoo a outras funcións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Aínda que a adopción da opción a) suporía un maior aforro a curto prazo para a Deputación, desbotouse ó estimar que tanto a dimensión do cadro de persoal como as súas condicións de traballo, especialmente de carácter retributivo, farían inviable ou dificultarían enormemente a externalización da explotación, dado o carácter deficitario que esta ten na actualidade. Evidentemente, si podería ser viable unha transferencia parcial de persoal, pero a súa implementación práctica presenta problemas legais de moi difícil solución, ó ter que discriminar qué traballadores son transferidos e cales non, tendo en conta que practicamente todos eles teñen a mesma categoría profesional (peóns agrícolas) non existindo elementos obxectivos que permitan fundamentar axeitadamente esa discriminación.

Doutra banda, a opción b) implica mante-lo actual gasto de persoal (agás o correspondente ó persoal temporal, que loxicamente cesará nas súas funcións) e polo tanto tal opción unicamente sería admisible se ese gasto servise para o financiamento de servizos de competencia provincial.

Neste senso, considerouse a existencia dunha importante demanda por parte dos concellos de servizos de cooperación en materia de mantemento de zonas verdes e limpeza viaria, para atender a cal xa existe nestes momentos unha brigada dependente do Servizo de Augas e Medio Ambiente, que non obstante é necesario reforzar, permitindo o persoal procedente do Centro Ecuestre e da Granxa de Antela a dotación de dúas brigadas máis. Doutra banda, existe outra demanda potencial – que se fará patente no medio prazo – de persoal para as funcións de recollida de animais abandonados na rede provincial de centros de recollida, que pronto se porá en funcionamento cos centros do Carballiño e Xinzo, e á que previsiblemente se sumarán os futuros centros comarcais de Valdeorras e A Baixa Limia, cuxo financiamento está solicitado e en trámite ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural.

Á existencia desta demanda de persoal, a curto e medio prazo, debe engadirse o dato de que, no actual contexto de contracción fiscal polo lado do gasto, é previsible que as sucesivas leis de orzamentos xerais do Estado, nos vindeiros anos, impidan ou limiten extraordinariamente a posibilidade de formular ofertas de emprego público, o que imposibilitaría, no seu momento, proceder a seleccionar persoal fixo para estes servizos, claramente enmarcados nas competencias provinciais de cooperación e asistencia a municipios (cooperación cos concellos no mantemento de zonas verdes e limpeza viaria, e xestión dos centros de recollida de animais abandonados).

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

A conxunción destes factores aconsella, como medida máis razoable, o mantemento do persoal laboral fixo procedente do Centro Ecuestre e da antiga Granxa da Lagoa de Antela no cadro de persoal laboral da Deputación, e a súa reciclaxe para a prestación dos amentados servizos de competencia provincial, adscribíndoos ó actual Servizo de Augas e Medio Ambiente, que a partires de 2013 integrará – en unión do actual Servizo de Agricultura e Gandería – a Área de Medio Ambiente prevista no Plan Estratéxico Ourense 92.

A posta en práctica desta específica operación de reordenación de persoal require as seguintes medidas: en primeiro lugar, o deseño de postos de traballo integrados no Servizo de Augas e Medio Ambiente axeitados para a reasignación do persoal afectado, con supresión dos postos de traballo de orixe, o que se leva a cabo mediante a presente modificación da Relación de Postos de Traballo; en segundo lugar, a integración do actual persoal do Centro Ecuestre e da antiga Granxa da Lagoa de Antela nas categorías profesionais correspondentes a eses novos postos de traballo, cando estas non sexan coincidentes coas que actualmente teñen recoñecidas; en terceiro lugar, a previsión de medidas de formación continua precisas para garantir a reciclaxe da persoal e a debida adaptación ás novas funcións que deba desenvolver. Estas dúas últimas medidas desenvólvense a través dun Plan Especial de Ordenación de Recursos Humanos, que se tramitará paralelamente á presente modificación da Relación de postos de traballo.

A presente modificación da Relación de postos de traballo, pois, cínquese a, dunha banda, suprimir os actuais postos de traballo do Centro Ecuestre e a Granxa da Lagoa de Antela e, doutra, á creación de novos postos no Servizo de Augas e Medio Ambiente para a reasignación dos efectivos existentes nos postos suprimidos. O seu obxectivo é establecer xa a futura estrutura coa antelación suficiente, para os efectos de que sexa coñecida polos empregados públicos afectados e poida entrar en vigor inmediatamente, unha vez se produza a externalización dos servizos das instalacións de Antela, e sen prexuízo da posibilidade do seu axuste definitivo na RPT 2013.

No que atinxe á supresión de postos do Centro Ecuestre, suprímense tódolos postos de traballo reservados a persoal laboral fixo, coa única excepción dun posto de peón agrícola, que se manterá transitoriamente para o desenvolvemento de tarefas de apoio ó Centro de Desenvolvemento Agrogandeiro do INORDE (tarefas que xa estaba realizando na actualidade). Para este efecto, créase un novo posto de peón agrícola da zona de Ourense

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

dentro dos postos comúns do Servizo actualmente existentes. O mantemento desta situación ten en todo caso carácter provisional, ó atoparse actualmente en estudo a integración deste Centro dependente do INORDE na futura Área de Medio Ambiente da Deputación Provincial prevista no Plan Estratéxico Ourense 92.

No que se refire ó persoal funcionario, existe un único posto – o de Director do Centro Ecuestre – que se mantén transitoriamente por dúas razóns: en primeiro lugar, porque non existe urxencia para a supresión deste posto, ó non ser transferible en virtude da externalización actualmente en trámite; e, en segundo lugar, porque resulta necesario o seu mantemento durante a posta en marcha do proceso de externalización, co fin de realiza-las tarefas de interlocución coa empresa adxudicataria. En todo caso, cabe adiantar que está prevista a súa supresión na RPT 2013, e a previsible reasignación a un posto de dirección da futura rede provincial de centros de recollida de animais abandonados.

No que atinxe á creación dos novos postos no Servizo de Augas e Medio Ambiente, créanse unicamente os postos necesarios para a reasignación dos efectivos procedentes dos postos suprimidos, non sendo necesaria a creación de postos correlativos ós suprimidos que se atopaban vacantes. Os postos creados son os seguintes:

- En primeiro lugar, modifícase a denominación da actual brigada de zonas verdes, que pasa a denominarse brigada de zonas verdes e limpeza viaria; e créanse dúas novas brigadas de zonas verdes e limpeza viaria, unha delas – que se denominará brigada n.º 2 - con base en Ourense, integrada por cinco operarios e un chofer – operario, e que compartirá capataz coa actual; e a segunda – denominada brigada n.º 3 – con base en Xinzo de Limia e integrada por un capataz, cinco operarios e un chofer operario. denominación destas brigadas – que pasan a denominarse Brigadas de Zonas Verdes e Limpeza Viaria. Modifícanse ademais os postos de capataz (que quedan abertos a prazas específicas de capataz de zonas verdes e limpeza viaria) e os de operario (que quedan abertos a persoal coa categoría de peón agrícola). Os postos de chofer –operario, de nova creación, non implican creación de novas prazas, e dotaranse, mediante os sistema de provisión procedente, con persoal xa existente das categorías profesionais correspondentes.

- En segundo lugar, créase a Rede de Centros de Recollida de Animais Abandonados, establecéndose a súa estrutura inicial (que posteriormente será completada, unha vez se asinen os correspondentes convenios cos concellos interesados respecto de cada centro, co persoal

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

transferido, de se-lo caso, dende os ditos concellos e/ou dende outras unidades da Deputación, e co posto de Director da Rede, que se dotará na RPT 2013, unha vez se proceda á supresión definitiva do actual posto de Director do Centro Ecuestre) integrada por un posto de Coordinador dos Centros, reservado a persoal da categoría de auxiliar de servizos dos ditos centros, e un auxiliar de servizos do Centro de Recollida de Animais Abandonados da Limia.

II. Determinacións da Relación de postos de traballo que son obxecto de modificación:

1. Modificacións no Servizo de Agricultura e Gandería.

a) Suprímense a totalidade dos postos de persoal laboral fixo das unidades denominadas Centro Ecuestre e Granxa da Lagoa de Antela.

b) Créase un novo posto de peón agrícola de zona de Ourense, nos postos comúns do Servizo.

c) Mantense transitoriamente o posto de Director do Centro Ecuestre.

d) Suprímense tódalas prazas vacantes na actualidade. As prazas de maioral, axudante de actividades hípcas e monitor de equitación transfórmanse nunha praza de capataz de zonas verdes e limpeza viaria e dúas prazas de auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados, respectivamente.

2. Modificacións no Servizo de Augas e Medio Ambiente.

a) No Negociado de Servizos Intermunicipais, modifícase a actual Brigada de Zonas verdes, que pasa a denominarse Brigada de Zonas Verdes e Limpeza Viaria n.º 1, creándose dúas novas Brigadas de Zonas Verdes e Limpeza Viaria, denominadas Brigada n.º 2 e n.º 3, respectivamente, integradas pola seguinte estrutura:

Brigada n.º 2: 1 Chofer – Operario e 5 Operarios de Zonas Verdes e Limpeza Viaria. O posto de capataz desta brigada é asumido polo capataz da brigada n.º 1.

Brigada n.º 3: 1 Capataz, 1 Chofer - Operario e 5 Operarios de Zonas Verdes e Limpeza Viaria.

As Brigadas n.º 1 e 2 terán base no municipio de Ourense. A Brigada n.º 3 terá base no municipio de Xinzo de Limia. A distribución das zonas de traballo atendidas por cada brigada realizarase dende a xefatura do servizo. As funcións destas brigadas consistirán no mantemento de zonas verdes de titularidade provincial ou municipal, e realización de servizos de limpeza viaria en municipios da provincia de menos de 20.000 habitantes.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Os postos de capataz de brigada quedan abertos a persoal laboral fixo coa categoría profesional de capataz de zonas verdes e limpeza viaria.

Os postos de operario de zonas verdes e limpeza viaria quedan abertos a persoal laboral fixo coa categoría de peón agrícola.

b) Créase no Servizo de Augas unha unidade denominada Rede Provincial de Centros de Recollida de Animais Abandonados, integrada, inicialmente, polos seguintes postos de traballo:

1 Coordinador de Centros de Recollida de Animais Abandonados. Persoal laboral fixo. Categoría profesional: auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados. Nivel 18. Grupo C2. Posto singularizado. Forma de provisión: concurso ordinario.

1 Auxiliar do Centro de Recollida de Animais Abandonados da Limia. Persoal laboral fixo. Categoría profesional: auxiliar de servizos de recollida de animais abandonados. Nivel 17. Grupo C2. Posto singularizado. Forma de provisión: concurso ordinario.

A valoración do complemento específico destes postos de traballo de nova creación levarase a efecto na RPT 2013, con efectos do 1 de xaneiro de 2013.

3. Entrada en vigor.

A presente modificación da Relación de Postos de Traballo entrará en vigor, unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, a partir do 1 de xaneiro 2013. Non obstante, no suposto en que na dita data aínda non fose efectiva a externalización da explotación das instalacións do Centro Ecuestre e a Granxa da Lagoa de Antela, a súa entrada en vigor adiarase ata o momento en que aquela se produza.

2º) Somete-la modificación inicialmente aprobada a información pública durante quince días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o dito prazo, os interesados poderán formular alegacións, que deberá ser resoltas expresamente polo Pleno. En caso de que non se formulen alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación do texto íntegro da modificación no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A PLANTA DE TRANSFERENCIA SITA EN BEADE.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Gómez Pérez, para que defenda o contido da moción.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, o Sr. presidente dixo algo que é obvio para todos: hai que dicir e conta-las verdades. Recoñece as cousas que se fan ben (algo que deberían facer todos) e non lle dá medo recoñecer que a xestión da Deputación con respecto á recollida do lixo no seu concello neste momento está sendo boa. Felicita ós traballadores que prestaron servizo no seu concello nun momento determinado no que estaba a sufrir unha indecencia da que falará. En relación coa moción, di que é un tema moi importante para todos, porque estamos a falar dunha comarca duns vinte mil habitantes que están sufrindo unha indecencia ou unha irresponsabilidade total por parte dalgúns políticos que están a seguir a axenda do que se ven desenvolvendo ó longo destes anos, unha afronta constante contra tódolos veciños e veciñas que habitan na comarca. Está a falar do anterior presidente da Mancomunidade, D. Rogelio Martínez, que hoxe é delegado da Xunta de Galicia e do actual presidente da Mancomunidade do Ribeiro e antigo deputado provincial, don Francisco Fernández. Sempre dixo nestes días que a Deputación Provincial non é a culpable destes feitos pero si é responsable. Para que se fagan unha idea, di que o que está a ocorrer na Mancomunidade do Ribeiro é indecente, só se lles permite verter a cinco concellos da comarca nunha planta de transferencia de lixo que pagaron tódolos cidadáns, incluso os da Unión Europea, e que é un servizo básico que lles hai que prestar ós cidadáns. Ós cidadáns preocúpalles canto lles vai custar este capricho e esta indecencia de políticos irresponsables, para despois pagar cento e pico mil euros porque uns señores non deixan deposita-lo lixo nunha planta de transferencia que é de tódolos cidadáns. Esta forma de actuar repercute nos cidadáns porque estes caprichos van repercutir no recibo do lixo. Temos que ser conscientes das situacións que poidan xurdir e de que eses servizos van ter que ter aumento de custos e iso enténdeno tódolos cidadáns, pero o que non poden entender é que políticos irresponsables como os da Comarca do Ribeiro e que xestionan esta planta, teñan esa teima que non só dana ó Concello de Ribadavia senón que tamén lle fan a afronta a concellos do Partido Popular. Dille ó Sr. presidente que ten a capacidade e a obriga de parar esta afronta da que non é culpable pero si responsable. Seguramente o portavoz do Grupo Popular vai dicir que onte xa houbo unha reunión na Mancomunidade para tratar sobre unha ordenanza ou un regulamento para que os demais concellos poidan verter nesa planta. Di que non lle vale porque non se fai unha

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

ordenanza de parte, xa que os cinco concellos que están a face-la afronta son os que van regular como se vai verter. Reitera que esa planta de transferencia é de tódolos habitantes e cidadáns do Ribeiro, non é nin do PP, nin do PSOE, nin do BNG, nin de ningún outro grupo e é un servizo básico que hai que defender. Pensa que temos que se-lo suficientemente intelixentes para non trasladarlle á cidadanía que somos un desastre como clase política con este tipo de cuestións. Dille ó Sr. presidente, que tamén é o presidente do Partido Popular en Ourense, que se isto é un problema político trate de arranxalo. No concello de Ribadavia non se pechou ningún *chiringuito* porque non os hai, hai problemas como este e pensa que hai que ser responsables cando falamos. Reitera novamente que a Deputación ten a obriga e a responsabilidade de arranxar este tema tan grave, e non é cuestión de que esteamos preto das eleccións, e cuestión de arranxalo porque imos seguir tendo este problema se estes señores seguen “mangoneando” os servizos públicos da comarca (algún deputado do Grupo Popular desta Corporación sabe ben do que está a falar porque tamén está fóra da Mancomunidade de Servizos do Ribeiro). Non quere facer ningún tipo de demagogia con este tema e insta a que se convoque nesta Deputación (ou onde sexa) a tódolos alcaldes do Ribeiro e así non se teña a tentativa de dicir que o Partido Socialista non quixo negociar. Se isto non ocorre (como se teme porque coñece o percal) o Concello de Ribadavia está disposto a poñer a disposición da Deputación os terreos necesarios para a localización da dita planta de transferencia, cuxo custo seguro que non ten moita incidencia con respecto ó que está a custar cada ano esta afronta e esta indecencia que fan políticos irresponsables.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, anuncia a abstención do seu grupo á moción presentada polo grupo do PSOE sobre a planta de transferencia sita en Beade. Entenden que a intención é positiva e que existe un problema do vertido do lixo que se denuncia na dita moción. Tamén ten claro que é un problema real do Partido Popular. O mantemento da actual situación é responsabilidade do PP que utiliza a maioría para crear problemas no canto de arranxalos. Aínda que están de acordo coa exposición e co problema real, non cren que a solución sexa crear outra planta de transferencia tan próxima á que existe porque se crearía un gasto innecesario. O problema realmente recae no Partido Popular e nas competencias que ten tanto na Deputación como na Mancomunidade.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, dálle as grazas ó Sr. Gómez Pérez polos consellos políticos, pero di que nestes días os consellos precisámoslos todos. Entenden que a intención é boa porque lle afecta dobremente, como voceiro do Partido Socialista e como membro destacado do goberno do Concello de Ribadavia. Dálle tamén as grazas por recoñece-la boa prestación do servizo por parte da Deputación (iso que leva pouco tempo prestándoo) que tiña que empezar a presta-lo servizo en setembro, pero co gallo dunha importante festa de Ribadavia empezou a prestalo en agosto. O Grupo Popular, entendendo o fondo do asunto, cre que a moción é extemporánea. O portavoz socialista dixo que había algún concello do PP que estaba fóra da Mancomunidade, pero hai que recoñecer que tamén hai algún concello do PSOE que está dentro, e no día de onte o representante dese concello votou a favor de redactar ese texto normativo do que falou o Sr. Gómez (que xa adiantou como ía ser e aínda está sen redactar). Cando se redacte terase que debater e nese momento se teñen que dicir algo como Deputación xa o farán. O Concello de Ribadavia delegou o servizo nesta Deputación polo que pide que a deixen traballar. Adianta que o Sr. presidente está traballando neste tema que lle preocupa igual que ó resto de cidadáns e espera que leve as xestións a bo lugar e se resolva este problema. En canto ó traslado da planta di que suporía, como mínimo, cento vinte mil euros de custo, e habería que poñer a disposición uns tres mil metros cadrados de terreo e dispoñer de determinados servizos. Neste momento a Deputación non pode asumir ese custo e está seguro de que os concellos tampouco poden asumilo. Hai que buscar alternativas como a que está tratando de conseguilo Sr. presidente que vai por bo camiño. Chegado o momento terá toda a información oportuna, ben na Deputación ou a través das comisións de seguimento que existen pola delegación do servizo nesta casa.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que non dá consellos e menos a quen sabe do que estaba a falar, porque todos son conscientes da situación que lle xera ó Grupo Popular o señor do que falou. É curioso que se poñan a negociar agora, despois de que o Grupo Socialista faga esta achega, algo que xa tiña que estar corrixido. Esta afronta xa leva moito tempo, pero como se deu a circunstancia de que Ribadavia trasladou o servizo de lixo a esta casa parece que a afronta lla fan ó grupo de goberno. Manifesta que ou ben o portavoz do Grupo Popular minte ou lle están mentindo a el, porque dixo que hai meses que se está negociando un regulamento. Cando felicitou a esta casa polo servizo realizado en Ribadavia antes de que empezase a ter efecto a delegación da recollida de lixo, foi porque ese

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

día se lles negou deposita-lo lixo dunha festa tan importante como a Festa da Isteria (unhas 40 toneladas) na planta de Beade e iso é unha indecencia e é a realidade, o demais son contos. Pensa que é bo recoñecer cando se fan as cousas ben, pero cando se fan mal ou moi mal tamén hai que dicilo. Ós concellos que están fora da Mancomunidade, sen entrar nos custos que supón que levémo-los vertidos ó Carballiño (aproximadamente cen mil euros) estáselles a cobrar cento vinte mil euros anuais só por verter. Polo tanto, nun só ano a metade do que lles estamos a usurpar ós cidadáns nunha xestión nefasta xa se vería compensado. Os números están feitos, pero non por el senón por xente que entende deste tema. En canto ós terreos para o traslado da planta di que cando ofertan saben ben o que ofertan, igual que os ofertaron para a planta de Xero. Reitera que este servizo non lle pertence a ningún partido político, senón que lle pertence ós cidadáns, que teñen dereito a sabe-lo que custan os caprichos dalgunhas persoas. Como deputado da comarca ten a obrigaón de defender a tódolos cidadáns, independentemente de quen ocupe a alcaldía do concello.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, di que o seu grupo o único que pretende e propón é que a moción se centre en esixir un acordo canto antes para solucionar-lo problema que lles afecta ós concellos e ós cidadás, que deberían recibir este servizo básico ó menor custo posible.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que a afronta se lles fai a tódolos cidadáns, non ó PP, e o Sr. presidente está tratando este asunto trala reunión do día 6 de setembro, non hai meses, onde o Sr. presidente da Mancomunidade quedou encomendado para revisa-lo estudo económico da planta. Como conclusión a todo isto, no día de onte, e por unanimidade de todos, acordouse redactar unha ordenanza para regula-la prestación dese servizo. Para a elaboración dunha ordenanza hai que facer un estudo económico, xa que as taxas non poden ser caprichosas, e a partir dese estudo poñe-la taxa. Cando a ordenanza estea redactada xa se discutirá e mentres tanto pídelles ó Sr. Gómez que recoñeza que se está traballando no asunto.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, volve repetir que non lle serve un acordo de parte. Non lle serve que negocien cinco concellos e deixen á marxe a outros cinco. O regulamento xa se leva negociando hai tempo pero non houbo ganas de facelo porque non se quería chegar a un acordo. Pensa que cando pase este remuíño electoral volveremos estar falando do tema porque non se vai facer nada, porque coñece o percal. Di que

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

hai concellos que están vertendo nesa planta que non pertencen ó Ribeiro e hai concellos do Ribeiro que non poden verter. Cando o concello de Ribadavia saíu da Mancomunidade xa lle pasaron un estudo de custos no que non podían ir verter alí e tiña que ir verter a outra planta que está a trinta quilómetros. Isto non hai quen o comprenda. Pide que isto, ó final, non se converta nunha guerra dialéctica e pensa que calquera día van ter que leva-lo lixo á porta da Mancomunidade e deixarlo alí.

O **Sr. presidente** agradece a impresión que lle causa ó Sr. Gómez Pérez o servizo de recollida de lixo da Deputación. A Deputación é consciente do escenario que existe en relación con este tema, pero antes de rexistrar esta iniciativa (18 de setembro) xa se estaba a traballar no asunto, que figura dentro das prioridades do goberno provincial. Na xuntanza que tivo lugar co presidente da Mancomunidade fixéronselle saber unha serie de cuestións (por exemplo que só se podía suspender o servizo por débedas relacionadas directamente con ese servizo, revisar o estudo económico, establecer unha cantidade mensual concreta e que todo isto se regulase mediante unha ordenanza). No día de onte houbo un pleno da Mancomunidade e estamos á espera de ter información exacta do que se acordou nese pleno, pero en relación coa xestión delegada da planta de transferencia aprobouse por unanimidade (tamén polo representante do Concello de Cortegada) a creación dunha taxa para utilización de planta. Agradece a boa vontade do Concello de Ribadavia, pero pide que lle permitan ó grupo de goberno solucionar este tema en función das necesidades e do escenario que desenvolvan en cada momento. Tódalas medidas que se poidan tomar sempre serán para beneficiar ós veciños dos concellos que forman parte da área xeográfica da Mancomunidade.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do Grupo Socialista e ó obte-lo voto favorable dos deputados do Grupo Socialista (8), a abstención dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

9º.- ENTREGA Ó CONCELLO DE MELÓN DUN TRAMO DA ESTRADA PROVINCIAL OU-0355 QUINS-COVELO, NO MUNICIPIO DE MELÓN.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Plans, Vías e Obras e Cooperación, e co voto favorable dos deputados

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Entregarlle ó concello de Melón o tramo da estrada provincial “OU-0355 QUINS-COVELO”, reflectido no plano levantado polo Servizo de Vías e Obras da Deputación Provincial de Ourense, incluído no núcleo rural de Covelo, do concello de Melón, dunha lonxitude de 130 metros.

En todo caso, a plena efectividade da entrega do tramo sinalado da citada estrada provincial queda condicionada á súa aprobación expresa ou presunta polo Consello da Xunta de Galicia, conforme co disposto no artigo 54.1 da Lei de estradas de Galicia.

10º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS E DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2012 MEDIANTE SUPLEMENTOS DE CRÉDITO.-

O Sr. presidente anuncia que existe unha emenda ó ditame da comisión e dálle a palabra ó Sr. secretario para que expoña o seu contido.

O Sr. secretario dá conta do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía. En relación coa emenda di que se presentou para corrixir un erro material no ditame, concretamente na identificación do suplemento de crédito destinado a unha subvención nominativa ó Concello de Xinzo de Limia. Seguidamente dá lectura á emenda que recolle o contido do acordo que se pretende adoptar.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, con respecto á subvención ó Concello de Xinzo, o BNG entende que a primeira fase do museo do Entroido leva rematada hai máis de dez anos e que carece de contido real, coa evidente importancia que pode te-la dinamización cultural e económica para a comarca da Limia e para o propio concello. Poden entender que a modificación que se fixo coa emenda siga as premisas que expuxo o Sr. secretario pero non poden estar de acordo en que se faga desta forma nin con esa xustificación, e eses dez mil euros para esa segunda fase non están moi concretados e non entende moi ben que poida ter máis eficiencia que unha simple afectación política en campaña electoral.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non se poden mesturar allos con bugallos, xa que non ten nada que ve-la campaña electoral coa corrección

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

dun erro. Esta subvención xa figuraba nos orzamentos da Deputación deste ano e simplemente, por un erro, faltaban dez mil euros que son os que se cobren agora. Daquela non se sabía se ían estar convocadas as eleccións autonómicas ou non. No caso de Cortegada trátase dunha subvención nominativa na que hai que cambia-lo nome do beneficiario e non cambian para nada os fondos dos orzamentos deste ano.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, lembra que levamos tres plenos seguidos con modificacións orzamentarias, unhas xustificadas e outras non tan xustificadas. Mentres o portavoz do Grupo Popular ten que defender nos plenos certas subvencións nominativas, o Grupo Socialista di o mesmo de sempre: hai subvencións que son excepcionais e están previstas na norma e nese sentido o seu partido non é unha brigada de derrubamento, pero nesta casa a excepcionalidade converteuse en norma e esa norma sempre acaba nos mesmos, en gobernos do Partido Popular. Pode que o compañeiro de BNG, por se-la primeira vez que acude a este Pleno, tivese un lapsus á hora de falar, pero o certo é que a campaña electoral sempre está presente cando se están dando este tipo de subvencións nominativas. Anuncia o voto en contra do seu grupo porque os cidadáns non teñen por qué estar sempre permitindo o que fan os políticos. Agora pódennlle dicir que vai unha subvención nominativa a un concello gobernado polo Partido Socialista, pero di o mesmo que cando foi unha subvención para o seu concello (que era necesaria) e sempre o dirá: as subvencións nominativas que son excepcionais e que cumpren un fin que sexa o correcto nunca van estar en boca do Partido Socialista (exclusión social, colectivos, persoas necesitadas), pero cando serven para outro tipo de cuestións que nada teñen que ver con iso o grupo de goberno non vai contar coa súa complicidade. Ese é o sentir do Grupo Socialista e aquí sempre se fala de que o Partido Popular ten moita coherencia e incluso o presidente do goberno dixo que ía elimina-las subvencións nominativas, pero nesta casa se leva eliminado de todo menos este tipo de subvencións. Pídelle ó grupo de goberno que cando se fale de “*chiringuitos*” se apliquen a receita.

D. Xaime Óscar Iglesias Pérez, do BNG, anuncia que o seu grupo se vai abster e en canto á subvención para o balneario non dixo nada disto porque entenden que é un cambio necesario. Malia a súa inexperiencia e ante a posibilidade de cometer algunha incoherencia na súa intervención reitérase no dito anteriormente, porque realmente entre a partida orzamentaria que se expoñía na comisión e esta, hai unha diferenza básica que se pode debater noutro

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

momento a agora aparece unha contía de dez mil euros para a segunda fase do museo do Entroido. Ben é certo que o Sr. alcalde de Xinzo dixo en comparecencia plenaria que había partidas económicas por parte da Consellería de Cultura e por parte da Deputación para acomete-la segunda fase desa obra que está ó día de hoxe, despois de dez anos, sen ningún contido cultural nin é un acto de dinamización da zona. Tendo en conta o que se dixo nese pleno para esa actuación, para intentar conseguir un maior apoio electoral, reitera que esta modificación está acometida para esa segunda fase que na aplicación inicial da partida 762.01 non aparecía. Segue mantendo que non consideran que sexa un erro.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, non vai entrar nas cuestións técnicas que para iso están eles. Causalle moita graza que o Grupo Socialista estea en contra das subvencións nominativas pero ó mesmo tempo tamén as piden. Lembra que o Concello de Ribadavia tamén ten algunha subvención nominativa nos orzamentos de 2012, igual que Vilar de Santos, O Barco de Valdeorras, Allariz ... Se os gobernos do PP teñen máis é porque son moitos máis porque así o decidiron os cidadáns da provincia. Pensa que o museo do Entroido en Xinzo pode ser tan importante como a Festa da Istoría de Ribadavia, e se hai unha subvención nominativa para o museo do Entroido ten que ser esta, porque non cre que haxa que facer máis museos do Entroido noutros municipios. A filosofía das subvencións nominativas é para casos concretos como este. Reitera que se trae esta modificación porque houbo un erro nos orzamentos. En ton de broma, pensa que se cren que os cidadáns do concello de Xinzo lle van votar ó Partido Popular ou a quen lles diga o Sr. alcalde por dez mil euros, hai que telos en máis consideración.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, manifesta que a Festa da Istoría é unha fundación que non ten nada que ver co concello e antes referíase á Mostra Internacional de Teatro. Pensa que as subvencións se deberían dar por concorrencia competitiva e así sairían máis beneficiados, porque ese tipo de eventos serían moi fáciles de cuantificar e así non debateríamos como se dan outras subvencións para outros eventos culturais que non vai nomear. Di que a subvención nominativa non son dez mil euros, senón que son cento cincuenta mil euros enriba doutros cento cincuenta mil. Sabe que os do PP son máis e que eles son menos pero non por ser menos son bobos, e se non lles queda outro remedio teñen que pedir tamén as subvencións nominativas. Pero o certo é que se se deran por concorrencia competitiva o reparto sería outro. O 94% das subvencións nominativas que se dan nesta Deputación son para o

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Partido Popular e o PP non goberna o 94% da provincia. Hai que ser xustos e rigorosos que é do que se trata. Coa presentación do Plan (á que non acudiron) eles xa fixeron a achega de que desaparecesen este tipo de subvencións. Pide que se mude este xeito de face-las cousas e di que o seu labor nesta casa é discuti-las cousas que non lle parecen correctas como esta.

Por alusións, intervén **D. Antonio Pérez Rodríguez**, do Grupo Popular, e manifesta que como se fixo alusión directa á súa persoa, non na condición de deputado senón de alcalde, vese obrigado a poñer-las cousas no seu sitio e que queden claros os datos. O Sr. Iglesias Pérez dixo que fixera unha intervención plenaria respecto deste tema e está equivocado, porque non fixo ningunha intervención respecto do museo galego do Entroido de Xinzo. Si é certo que esta obra leva esperando dez anos, pero tamén é certo que houbo un goberno bipartito, do que formaba parte o BNG, durante catro anos e non se fixo ningunha xestión para que isto fose unha realidade. En canto a que o museo do Entroido está falto de contido, tanto el como a Sra. Lama o poden invitar a ir a Xinzo para ve-la exposición que hai de máscaras, a máis importante de Galicia, e que vexa como está aquilo. Por sacarlle ferro ó asunto, pensa que é simpático que por un lado os representantes do Partido Socialista no Concello de Xinzo estean reclamando esta obra reiteradamente e aquí se vote en contra. O Concello de Xinzo ten unha obra tramitada de trescentos mil euros para o museo galego do Entroido de Xinzo de Limia. É falso que recibise unha subvención de cento cincuenta mil euros enriba doutra, senón que recibe unha subvención de cento cincuenta mil euros da Deputación e outros cento cincuenta mil euros da consellería correspondente da Xunta de Galicia, para facer un museo reclamado durante toda a vida. En canto ás subvencións nominativas quere recalcar e reivindicar que o Concello de Xinzo, que ten un dos entroidos máis longos de Galicia (cinco semanas) recibe cero euros de subvención da Deputación Provincial, cando outros teñen tres días ou unha fin de semana de festa e reciben subvención. Pensa que cando se fala de datos e de cifras hai que ser coherentes e mante-lo mesmo criterio aquí que nos concellos correspondentes.

O **Sr. presidente** lembra unha palabra que se ten nomeado moito que é coherencia, unha palabra con dez letras, incluído o h. Parécelle unha opción política perfectamente válida que se estea en contra das subvencións nominativas, pero os grupos que están en contra das subvencións nominativas cando gobernan son radicalmente diferentes. Refírese ó goberno da capital da provincia, cun modelo bipartito, que leva subvencións nominativas incluídas no seu orzamento; tamén se refire á Deputación de Lugo, que é a única Deputación de Galicia que ten

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

un modelo bipartito, que dá subvencións nominativas para os “Amigos do oso de Salcedo” ou para “Os Turulecos do Incio”. Espera que se no futuro os cidadáns deciden que governe esta Deputación o Sr. Gómez Pérez e se o acompaña algún dos membros do BNG, o Grupo Popular estará expectante para ver que pasa e se esa palabra coherencia se escribe con maiúsculas, con minúsculas ou simplemente se agocha.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame da comisión informativa Especial de Contas, Facenda e Economía, coa emenda da Presidencia de data 26 de setembro de 2012, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15), a abstención dos deputados do BNG (2) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aproba-la modificación de créditos do expediente, co seguinte detalle:

SUPLEMENTOS DE CRÉDITO. GASTO DE INVESTIMENTO

APLICACIÓN	EXPRESIÓN	IMPORTE €
450.12/762.01	A concellos nominativas. Cooperación provincial	10.000,00

RECURSOS UTILIZADOS

Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais	10.000,00 €
---	-------------

2º.- Aproba-la modificación das Bases de execución do orzamento, que afectan ó apartado B) da Base 86ª, no que se refire ao incremento da contía da subvención concedida ao concello de Xinzo de Limia:

Beneficiario	Finalidade	Importe (euros)	Aplicación orzamentaria
Concello de Xinzo de Limia	2ª fase construción Museo do Entroido	10.000,00	450.12/762.01

3º.- Modifica-la seguinte subvención de carácter nominativo contida no apartado B) da base 86ª das de execución do orzamento, experimentando a seguinte variación:

- Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “A Concellos. Cooperación provincial”, previáse unha subvención ao Concello de Cortegada para a construción da 2ª fase do balneario. En base ao escrito remitido polo Concello de Cortegada en data 5/09/2012 (Rex. de entrada nº 21526), a entidade promotora das obras e a solicitante da axuda é a Fundación Balneario de Cortegada, polo que a subvención nominativa se concedería a dita Fundación con cargo á seguinte aplicación orzamentaria:

- 450.12/780.08. A familias e institucións sen fins de lucro nominativas. Cooperación provincial:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Balneario de Cortegada	Remate das obras do club termal	25.000 €

4º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ó público, tralo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

11º.- MOCIÓN DO BNG PARA A IMPUGNACIÓN DO REAL DECRETO LEI 24/2012 QUE LEGALIZA A FRAUDE DAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES.-

O Sr. presidente cédelle a palabra ó Sr. Rodríguez Puga.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dá lectura á moción, co seguinte contido: “*O Real decreto-lei 24/2012, do 31 de agosto, de reestruturación e resolución de entidades de crédito supón a legalización da estafa das participacións preferentes, na que foron vítimas milleiros de persoas subscritoras, en moitos casos pequenas e pequenos aforradores, deste produto financeiro. O devandito Real decreto-lei concédelle poderes excepcionais ó Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria (FROB), creando unha lexislación a propósito e especialmente para que poida reestruturar o sector financeiro ó seu arbitrio, mesmo aínda que sexan entidades solventes. De acordo con esta norma, só se salvarán as entidades sistémicas, os grandes bancos de ámbito estatal, co que se abre a vía á liquidación da entidade sistémica para Galiza, Nova Galicia Banco, procedente da fusión das caixas de aforros galegas, cuxo futuro resulta imprescindible para evita-lo espolio do noso aforro. Ademais, con base nas facultades excepcionais concedidas ó FROB, permite que dito Fondo poida mudar unilateralmente as condicións pactadas nas participacións preferentes ou outros instrumentos financeiros análogos contratados, mesmo impondo cambios obrigatorios por outros produtos financeiros, co que as persoas subscritoras de participacións preferentes poden ter que asumir perdas de ata un 70% a respecto do valor inicial desas participacións e só poderán percibir polos seus activos o valor de mercado máis como máximo un 10%. Dese xeito, como xa se adiantara no Memorando asinado coa UE para percibi-las axudas dirixidas a reestruturar-lo sector financeiro do Estado español, o Goberno asume que pequenas e*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

pequenos aforradores teñan que sufragar unha parte do rescate da banca privada, situándose así claramente do seu lado e virándolle-las costas ás vítimas desta fraude. Xa que logo, está a legalizarse a expropiación dos cartos na súa maior parte de persoas aforradoras, non de especuladores, a través dunha estafa cometida pola banca co engano masivo do que na provincia de Ourense e en Galicia foron vítimas miles de persoas pequenas aforradoras. Non só se consolida así a estratexia de sanear as perdas da banca privada con fondos públicos de toda a sociedade, senón que se afonda en deixar libres de toda culpa ós especuladores, ás persoas e entidades que realmente desenvolven unha economía de casino que está na raíz da actual crise, mentres se castiga a quen simplemente mantiña depósitos aforrados nas entidades financeiras. E por isto que o grupo provincial do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte acordo: 1º.- Instar á Xunta de Galicia a interpor recurso de inconstitucionalidade contra o Real decreto-lei 24/2012, do 31 de agosto. 2º.- Instar á Xunta de Galiza a que se constituía en parte na demanda interposta pola Fiscalía Superior de Galiza, apoiando as súas pretensións. 3º.- Instar ó Goberno do Estado a que exclúa ás persoas aforradoras subscritoras de participacións preferentes ou débeda subordinada das quitas ou trocos obrigatorios previstos no Real decreto lei 24/2012. 4º.- Instar á Xunta de Galiza e ó Goberno do Estado a adopta-las medidas precisas para garantírlle-la devolución íntegra do investido ás persoas aforradoras en participacións preferentes e débeda subordinada en entidades financeiras. 5º. Remitírlles este acordo ó Presidente da Xunta de Galicia, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galicia”.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que a memoria ás veces é fráxil e é bo que cada un aclare as súas posicións. A posición do Grupo Socialista no Parlamento Galego con respecto ó milagre de Feijóo da fusión de caixas foi clara desde o principio e foi o único partido que dixo ás claras que ía acabar nun desastre, aínda que o Partido Popular dicía que non eran fieis a Galicia, que non eran responsables, e que estaban incorrendo na demagogia porque esa postura non facilitaba que os aforros quedasen en Galicia xa que unha caixa galega ía se-lo máis importante para todos porque a cidadanía sairía beneficiada. Non só non saíu beneficiada, senón que, como o caso das persoas que ocupan hoxe o salón de plenos, sufriron a lamentable xestión dunha caixa. A postura do Partido Socialista quedou clara e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

reflectida nas actas do Parlamento Galego, e o Sr. presidente sábeo moi ben porque estaba alí, como tamén sabe ben do que foron acusados. O Partido Socialista non é responsable dunha estafa masiva que se lles fixo a moitas persoas (preto de corenta e cinco mil), e cando protestan por esta estafa aínda se lles malla e incluso non os deixan entrar nun foro como este, aínda que o Sr. presidente, afortunadamente, corrixiu esta situación. O seu partido non vai ser corresponsable dunha desfeita que ten o seu nacemento na irresponsabilidade duns señores que xestionan a banca e que se van de “rosiñas” con indemnizacións millonarias. O corresponsable de todo isto é o goberno de Feijoo, porque dixo que isto ía se-la panacea e que ía arranxa-lo problema para os galegos e as galegas, e o único que fixo foi agrandalo. O banco está intervído, pero esa non é a solución para a xente que meteu tódolos seus aforros e que agora non poden recuperar. Pero o colmo de todo é que este presidente de Galicia dixo que coñecía o que estaba pasando coas preferentes pero que non o podía dicir. Pregúntase como pode dicir isto despois de ter acusado ó Partido Socialista como o acusou. Isto non se pode cualificar só de irresponsabilidade senón que non se atreve a dici-la palabra que cualificaría isto, non como outros que utilizan a palabra *imputado* con moita alegría e con moita retranca e ó mellor algún día todos temos que poñe-las barbas a remollo (refírese á intervención do alcalde de Xinzo no punto anterior)

Intervén o **Sr. presidente** para dicir que se el advertise que se tiña dito esa palabra tería reaccionado doutro xeito, e que non lembra que ninguén dixese esa palabra.

O **Sr. Gómez Pérez** cre que si se dixo, e pide a gravación do Pleno, engadindo que se está equivocado pedirá desculpas, pero se non o está espera que o grupo de goberno llas pida a el. Continúa o **Sr. Gómez Pérez** dicindo que hai que buscarlle unha solución ó problema de toda esta xente como se pon de manifesto na moción, á que van apoiar co seu voto favorable, porque estamos falando de persoas que investiron tódolos seus aforros e agora vense incapacitados para poder acceder a eles, algo lamentable, e nalgúns casos fixéronse verdadeiras atrocidades como poñe-los aforros a cento e pico anos enganando masivamente. Reitera que o Grupo Socialista sempre tivo clara a súa postura con respecto á fusión das caixas, sempre tivo claro cal ía se-lo resultado. Este tema parécelle intolerable, como humilde político dunha institución humilde como a Deputación Provincial de Ourense, onde se ten que defender á maior parte dos afectados polas preferentes porque son da nosa provincia. Pídelle ó Partido Popular que sexa responsable e espera que neste caso tódolos los partidos políticos estean á

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

altura das circunstancias e defendan os intereses das persoas que nada teñen que ver nesta maraña e estafa que fixeron algúns.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que este é un tema, como dirían os rapaces novos, súper serio. Saúda á representación dos afectados polas preferentes que se atopan no salón de plenos, e pídelle disculpas no nome do seu grupo polo mal entendido que houbo ó principio á hora de acceder ó salón. Vai falar en nome de tódolos seus compañeiros, que se solidarizan con todos e piden que se solucione pronto o problema, pero non só cos de Novagalicia Banco porque tamén hai afectados doutras entidades financeiras. En canto á fusión das caixas, o Sr. Gómez Pérez dixo que estiveron á altura, pero non tiveron a mesma postura en Vigo que na Coruña e non entende moi ben por que se sacou ese tema se na moción non se fala para nada da fusión. Nin el nin os seus compañeiros da Corporación queren entrar nesa escalada de demagogia e de oportunismo previo a unha campaña electoral, valéndose do esforzo e dos aforros dun montón de xente para traer aquí este tema. A lexislación é a que é, guste ou non guste, e tan só hai uns meses que o Partido Socialista se foi do goberno central, e ata teñen un comisario en Europa que nos está dando a lata. Pide que se dirixan a el e non orienten todo contra o Sr. Feijoo porque hai eleccións o día 21 de outubro. Fai as seguintes preguntas: ¿Cando se comercializaron maioritariamente as participacións preferentes? ¿Quen estaba á fronte do Goberno do Estado ata Nadal de 2011? ¿Quen autorizou a comercialización de preferentes a particulares retallistas? ¿Quen dirixía o Banco de España cando se comercializaron eses produtos a pequenos aforradores? Afirma que o goberno do PP é quen agora prohíbe a comercialización a particulares destes produtos híbridos de risco. Situación análoga á sucedida coas indemnizacións ós directivos das entidades financeiras, que foron permitidas polo Banco de España, no seu momento, e quen agora as limita é o goberno do PP. Non queren entrar en demagogia porque procuran ser serios e non queren aproveitarse dos malos momentos e do sufrimento da xente. Os organismos responsables do bo funcionamento, tanto xurídico como ético das entidades bancarias e financeiras son o Banco de España e a Comisión Nacional de Mercado de Valores, e a comercialización das participacións preferentes a aforradores produciuse precisamente cando non gobernaba o PP. Con isto non xustifica para nada o que está pasando, simplemente está poñendo o problema no seu sitio, porque xa está ben de intentar manipular á xente. Todo o anterior contrasta coa actuación da Xunta de Galicia, que desde hai tempo ven resolvendo os casos da comercialización das participacións a través da

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

arbitraje de consumo (que isto precisamente é o que non di a moción). As proposicións da moción son como sempre “cartas ós Reis Magos” e con isto non se lle resolve o problema á xente, senón que hai outros foros adecuados para expoñer neles o que se di na moción. O BNG estivo apoiando ó goberno do Partido Socialista en Madrid, negociando fondos para concellos gobernados polo BNG. A realidade, fronte a pasividade e permisividade do Partido Socialista durante o goberno do Sr. Rodríguez Zapatero, é que a día de hoxe dúas mil familias xa recuperaron os cartos (sabe que quedan moitas máis). Non fai falta ter un especial coñecemento da situación do sistema financeiro español, para ver que o goberno do PSOE cualificaba alegremente como “o mellor sistema financeiro do mundo”, e o Estado español tivo que solicitar axuda externa para ese mesmo sistema financeiro, que deu lugar ó memorando de entendemento coa Unión Europea no que se lle esixía ó Estado español que se ditase unha norma de reestruturación do sistema financeiro español, o que se fixo por medio do Real decreto lei do 31 de agosto de 2012, que é o que nos ocupa. Tendo en conta o anterior, a actuación de Novagalicia Banco, o Banco España, a Comisión Nacional de Mercado de Valores e o FROB, debe segui-las pautas marcadas por ese Real decreto lei, que á súa vez segue as pautas marcadas pola Unión Europea, por iso pide que lle digan ó seu compañeiro (comisario importante) que interveña e que non ande xogando ás bólas ou facendo política, cando esa non é a misión dos que están en Europa. Antes de rematar quere dar unhas cifras actualizadas: xa foron remitidas a Novagalicia Banco máis de vinte e seis mil solicitudes de arbitraje. Ata o momento xa tiveron lugar máis de dúas mil oitocentas vistas e emitidos e notificados un total de mil trescentos laudos, todos eles favorables para o reclamante. O importe dos laudos ascende a máis de trinta e sete millóns de euros. Deste importe xa lles foi abonado ós reclamantes vinte e dous millóns cincocentos mil euros, correspondentes a setecentos setenta e catro laudos. O laudo que se emite de xeito individualizado e a través de árbitro unipersonal, trátase dun laudo en dereito co mesmo valor que unha sentenza xudicial, ademais é gratuíto e moito máis rápido que a vía xudicial. Para finalizar di que se solidarizan cos afectados - que de pouco vale -, pero non entran en marañas de demagogia con motivo dunha campaña electoral.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, dille ó Sr. Álvarez Dobaño que nas próximas intervencións se dirixa á súa persoa como un afectado das preferentes, polo tanto sabe perfectamente do que fala, non está facendo campaña electoral. As entidades viron nas preferentes e obrigacións subordinadas unha forma fácil e rápida de financiamento. Os bancos e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

caixas de aforro, aproveitando a confianza dos clientes nos empregados da súa sucursal de toda a vida, ofertáronlles a moitos pequenos aforradores - como a persoa que fala, que foi enganado por un amigo da sucursal de toda a vida- que non investidores (como o Sr. Guerra, que é un dos que teñen maior patrimonio na Xunta de Galicia) esta fórmula, coa promesa de que lles xerarían un xuro un pouco máis alto do que había no mercado nese momento, e se saía mal o peor que podía pasar era que non cobraran ese xuro, pero o capital non se tocaría. En moitos casos o engano foi tal que se lles asegurou ós clientes que poderían retirar os seus aforros en calquera momento, cando non era verdade. Noutros, estamos a falar de persoas que nin sequera sabían que tiñan os seus aforros metidos neste tipo de produto tóxico. Este calote masivo xa comezou despois da legalización da comercialización de participacións preferentes, no goberno de Aznar e Rajoy de vicepresidente, e a sabendas de que os bancos e caixas precisaban fondos para seguir a financiar a burbulla inmobiliaria. Non se lles pode estar a lembrar todo o tempo o bipartito, agora goberna o PP e é o que ten que cumprir-lo que prometeu. Todo o proceso levou a que bancos e caixas, en Galicia cun maior protagonismo do fusionado Novagalicia Banco, a quedarse cos cartos dos clientes e das clientas. Baixo a máscara dun depósito a prazo fixo permitiuse a incorrecta comercialización dun produto bancario no que media un engano premeditado, para que as entidades bancarias conseguisen liquidez. O Partido Popular sacrifica os aforros dos galegos e das galegas para satisfacer as necesidades dos especuladores e da banca privada. ¿Cal é a actitude, a día de hoxe, dos responsables políticos dos gobernos español e galego? A obriga do Estado e do goberno da Xunta tiña que ser protexer ós aforradores, mais a día de hoxe as autoridades políticas non están polo labor de buscar unha solución, pasándose o tema duns a outros, incorrendo en abuso de poder, trato inxusto, discriminación, falta de resposta e engano. A última decisión do goberno de Rajoy -aprobar no período de vacacións o Real decreto 24/2012, do 30 de agosto-, non é nin máis nin menos que unha decisión política por parte do goberno do PP que regula e faculta ó FROB a consuma-la expropiación dos aforros que previamente foron secuestrados polos bancos e caixas. Mesmo as últimas declaracións sobre o calote das preferentes do presidente da Xunta son claramente significativas: *“Sabía que el capital de las cajas estaba trufado de preferentes, pero no podía contarlo”*, dixera o líder do PP hai uns días a un medio de comunicación, recoñecendo que non dixo a verdade. A estas palabras hai que engadírle-las solucións que achegou ata o de agora e que non convencen xa que a arbitrase aprobada desde o 19 de xullo non é unha solución porque, segundo as propias

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

palabras de Novagalicia Banco será só a solución para o 15% de afectados, pero queda o 85% de afectados sen unha solución para a devolución dos seus aforros, que teñen todo dereito a recupera-lo cen por cen deles. Polo tanto a proposta está clara, e pide que se apoie integramente a moción, porque estamos a falar de algo moi serio.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, resúltalle insultante que se diga que o Partido Socialista se aproveita dos problemas da xente para facer demagogia, cando o PP se aproveitou durante anos da situación complicada que tiña o país, facendo demagogia, insultando ós parados e insultando á xente que tiña problemas con este tipo de cuestión, porque dixeron que cando chegaran ó goberno ían resolve-los problemas dos cidadáns. O seu grupo non presentou esta moción e saben que hai máis afectados polas preferentes, pero o que lle está afectando á comunidade claro que ten que ver coa fusión de Novagalicia Banco. Se o grupo de goberno pensa que están facendo demagogia con este tema teñen a solución na man para axudar ós cidadáns votando a favor da moción. O Partido Popular, que di unha cousa a fai a contraria, non lle poden vir dar clases ó Partido Socialista. Os erros dos partidos políticos páganse nas urnas, e Zapatero xa recoñeceu que foi un erro non pincha-lo que tiña que ter pinchado. Este problema non ven só da época do goberno do Partido Socialista. Todos sabemos quen ten intereses e quen está trala banca e non coinciden co goberno socialista ou con persoas vinculadas a este partido. Reitera que se o grupo de goberno quere axudar a esta xente o que ten que facer é votar a favor da moción, así sería unha institución máis que se pon ó carón da xente. O portavoz do Grupo Popular fixo unhas preguntas retóricas, porque todos sabemos quen eran os responsables, e falou de Almunia (o comisario da UE), pero cando estaban na oposición ben que dicían que era un socialista que dicía que estabamos moi mal e agora din que é o culpable de dicir que seguimos mal, iso si que é demagogia. O Partido Popular sempre engana masivamente á poboación, porque dixeron que acababan en corenta e cinco días co paro, que cando chegaran ó goberno ían solucióna-los problemas da banca. Se mesturou as cousas foi porque todos sabemos cal era a intencionalidade do goberno galego con respecto ó tema da fusión das caixas, que estaba moi preto dunha caixa de aforros madrileña, que é a culpable de que tivésemos que acudir a un rescate bancario que pagamos tódolos cidadáns, e isto non é culpa do goberno de Zapatero, senón do PP coa desconfianza que creou, que fixo que a xente quitase os seus aforros por case sesenta mil millóns de euros, que son os que houbo que pedir e, ó parecer, é o burato que ten Bankia. O PP está gobernando no Estado e

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

desde hai case catro anos tamén gobernan esta Comunidade e o Partido Socialista ten unha cousa clara con respecto a esta situación, quen ten que gobernar este país ten que facer propostas concretas como pedirlle un imposto á banca. Para rematar pídelles ó Grupo Popular que vote a favor da moción e que defenda o que ten que defender.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que tanto o Sr. Rodríguez Puga como o Sr. Gómez Pérez acaban de facer campaña electoral nas súas intervencións, non dan puntada sen fio. O portavoz socialista di que o PP engana, insulta ... pero nas eleccións os cidadáns dirán o que teñan que dicir, non se pode rebaixar ós cidadáns porque non son bobos, e se lle votan ó Partido Popular é porque queren, a democracia é así e hai que respectala. En canto a que hai que dirixirse ó Sr. Rodríguez Puga como afectado, manifesta que ó mellor tamén se ten que dirixir a el mesmo no mesmo sentido, e ese non é o problema, o problema é de todos. Diríxese a el como deputado do BNG que presentou unha moción que estamos debatendo. Se o Grupo Popular soubera que aprobando esta moción se lle resolvía algo, por mínimo que fose, á xente que está aquí como a toda a xente afectada, aprobarían a moción, pero aproba-la moción non serve para nada. Nin el nin os seus compañeiros queren facer demagogia con isto, e este non é o foro adecuado para tomar estas decisións, nin sequera o Parlamento Español. Outra cousa son as informacións terxiversadas porque interesa así. O problema financeiro do Estado español non ven de hai seis meses e a crise económica que sofre Europa non é patrimonio do Estado español, pero a conxuntura económica é así na súa evolución. Repite que nin el nin os seus compañeiros entran en propostas demagóxicas que non serven para nada máis que para facer precampaña electoral.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que se vai centrar no problema polo que se presentou a moción. A nosa provincia está chea de afectados e afectadas por esta estafa. Máis de 43.000 galegos e galegas estafados pola que era a caixa de tódolos galegos, a caixa de confianza, que enganou ós pequenos aforradores, co beneplácito do Banco de España, da Comisión Nacional do Mercado de Valores, do Sr. Feijoo e do Sr. Rajoy. A día de hoxe están moi lonxe de atopar unha solución satisfactoria para todos que é a de recupera-los seus aforros ó 100% tal e como expuxo anteriormente. A práctica totalidade da xente afectada é aforradora e non investidora e teñen todo o dereito a recupera-lo seu diñeiro. Persoas que traballaron arreo toda a súa vida (emigrantes, xente embarcada, xente do agro...) que teñen

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

dereito a dispor dos seus aforros, simplemente porque son deles e non dos especuladores e da banca privada.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a moción do BNG e ó obte-lo voto favorable dos deputados do BNG (2) e do Grupo Socialista (8) e o voto en contra dos deputados do Grupo Popular (15), a moción queda rexeitada.

12º.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA PROVINCIAL DE CREACIÓN DO FICHEIRO AUTOMATIZADO DO REXISTRO DE INTERESES DE CARGOS PUBLICOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior.

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Patrimonio, Goberno e Réxime Interior, e do voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza provincial de creación do ficheiro automatizado do Rexistro de Intereses de Cargos Públicos da Deputación Provincial de Ourense, publicada no BOP n.º187, do 16 de agosto de 2010, nos seguintes termos:

A.- O artigo 5 queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 5.- ESTRUCTURA BÁSICA DO FICHEIRO.

A continuación preséntase a estrutura básica do ficheiro, indicando os datos de carácter persoal concretos:

◆ *Datos de carácter identificativo:*

✓ *Nome e apelidos, NIF/DNI, dirección, teléfono, sinatura/pegada dixital.*

◆ *Outro tipo de datos:*

- *Declaración sobre causas de posible incompatibilidade cos cargos públicos ocupados.*
- *Declaración sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos.*
- *Declaración dos seus bens patrimoniais, incluíndo a súa identificación, descrición e valoración.*
- *Declaración de accións ou participacións en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas.*

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

- *Información sobre base imponible e liquidacións dos impostos sobre a renda, patrimonio e, se é o caso, sociedades das que sexan socios.*

B.- O artigo 6 queda redactado do seguinte xeito:

Artigo 6.- CESIÓN DE DATOS.

Está prevista a cesión dos datos de carácter persoal incluídos no ficheiro a terceiras persoas, nos seguintes termos:

- a) Cesión a terceiros interesados que acrediten un interese lexítimo.*
- b) Cesión a órganos xudiciais e ministerio fiscal.*
- c) Cesión a outras administracións públicas, cando sexa necesario para o exercicio das súas competencias.*
- d) Publicación na sede electrónica da Deputación Provincial das declaracións sobre causas de posible incompatibilidade e de actividades que lles proporcionen ou poidan proporcionar ingresos económicos.*
- e) Publicación na sede electrónica da Deputación Provincial dun extracto ou resumo das declaracións de bens, no que se indicará xenericamente o número e tipo de bens declarados (sen indicacións específicas da súa localización, matrícula ou referencia catastral) así como o valor patrimonial neto (unha vez deducidas as cargas reais de que sexan obxecto) determinado conforme coa normativa do imposto sobre o patrimonio ou, no seu defecto, tomando como referencia outras normas fiscais de valoracións dos bens e dereitos. Na publicación incluírase tamén a da base imponible declarada nas últimas declaracións do IRPF e do imposto de patrimonio realizada. Nos supostos de declaracións tributarias conxuntas, unicamente se publicará a parte da base imponible que corresponda ós rendementos obtidos polo deputado ou deputada.*
- f) As declaracións de bens patrimoniais que figuren no Rexistro Especial ó que se refiren os dous últimos parágrafos do artigo 75.7 da Lei de bases do réxime local, non serán obxecto de publicación en ningún caso e publicarase unicamente o valor neto do patrimonio declarado.*

2º.- Someter este acordo a información pública e audiencia dos interesados polo prazo de 30 días hábiles, mediante anuncio que se publicará no BOP, realizándose tamén a pertinente publicación no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o expresado prazo poden

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, desta modificación. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

13º.- MODIFICACIÓN DO ARTIGO 7.2 DA ORDENANZA REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL Ó SERVIZO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O Sr. secretario dá lectura ó ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, di que a posición do BNG diante desta modificación vai ser en contra, por considerar que se trata de pór un remendo a unha ordenanza de contratación ilegal e que o procedente sería, neste momento, abrir un proceso amplo, con participación de tódolos axentes sociais (sindicatos, grupos políticos, administración) dirixido a elaborar unhas novas bases de contratación que garantan o acceso ó emprego público en pé de igualdade para tódolos cidadáns e cidadás. Aínda se mantén unha discrecionalidade ó preve-la aprobación por concurso puntual e específico cada cobertura de emprego temporal. O máis lóxico sería elaborar listas con máis garantías (con probas ademais do concurso) e facer listas de agarda revisables periodicamente. Nas administracións máis dimensionadas ese é o procedemento máis garantista e áxil para a cobertura temporal, no canto de facer convocatorias específicas que poden dar pé a contratacións ad hoc. A nosa alternativa debería ser confeccionar con garantías esas listas de contratación temporal en tódalas categorías profesionais, que se poidan integrar máis persoas periodicamente, e non por parches a este sistema de contratación temporal cuestionado xudicialmente.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que tiñan dúbidas en canto á votación deste asunto, non sabían se absterse ou votar en contra. Decidíronse por votar en contra e vai explicar por qué. A abstención podería se-la postura correcta, porque o que se trata hoxe é a modificación dun regulamento. Esta modificación non ocorre porque si, senón que ocorre porque hai unha sentenza firme motivada pola denuncia dunha persoa porque as contratacións nesta casa eran como eran. O Grupo Socialista non pode ser corresponsable de todo o que se fixo mal, aínda que agora se queira modificar. Os procedementos de selección de

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

persoal nesta casa, igual que noutras, son mellorables e sobre todo nestes momentos. Nesta casa hai moitas finalizacións de contratos por diversas circunstancias, pero mediante convenio coa Xunta de Galicia ese 70% de persoal eventual ó que fixo mención o portavoz do Grupo Popular ó mellor queda no 10%, porque se vai contratar xente. Tería que haber unha ordenanza e unhas bases o máis transparentes posible e consensuadas por tódolos grupos políticos, para que os cidadáns e cidadás da provincia poidan optar a un posto de traballo, que nestes momentos é tan necesario. As últimas bases de contratación que se aprobaron no seu concello elaborounas a oposición e foron consensuadas por todos. Reitera o voto en contra, aínda que entenden que se trata dunha modificación e entende o procedemento, pero non van ser corresponsables ata que se mude o modelo de contratación desta casa. Hai que recorta-lo persoal porque non queda outro remedio, o monstro foi crescendo e é evidente que lle había que cortar algunha das sete cabezas. Hai unha lei que prohíbe que se fagan novas contratacións ou as que se fagan teñen que ser para casos moi puntuais. En todo caso os cidadáns están controlando todo con lupa e con toda a razón do mundo.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, sorpréndelle que o Sr. Rodríguez Puga diga que é unha ordenanza ilegal, e pídelle que se explique xa que non hai peor mentira que unha media verdade. Este asunto tratouse en dúas reunións da Mesa xeral de negociación e foi pactado cos sindicatos, incluso algún que non ten representación e tamén asiste ás reunións. A CIG foi a que formulou a suxestión de amplia-lo prazo de presentación de 3 a 5 días para presenta-las solicitudes, que aceptou o Sr. presidente. O asunto que se trae a este pleno é a modificación do apartado 2 do artigo 7, nin máis nin menos, que si é consecuencia dunha sentenza, pero se tan mal estivera a ordenanza botaríana abaixo toda pero só é un apartado dun artigo. Non ten nada que ver que se contrate persoal a través de subvencións da Xunta de Galicia con que se contrate persoal con cargo a fondos propios. Pensa que hai traballos que os hai que facer ocasionalmente (como coida-los xardíns ou limpeza de albergues), pero os que están na moqueta de Madrid moitas veces non saben disto. En canto ó recorte de persoal di que se comprometeu o presidente e el só deu datos que están aí.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, portavoz do BNG, reafírmase na súa intervención anterior, pero quere aclarar que non dixo “ordenanza ilegal”, senón que dixo “ordenanza de contratación ilegal”.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que ou se explica mal ou non se lle quere entender. Referíase a que as novas contratacións que se fagan terán que pasar evidentemente por esta ordenanza, que hai que modificar por sentenza. Sabe que é nun apartado pero na propia sentenza cuestiónase a súa transparencia. Non vai ser el o que poña en interdito o lugar que ocupan os sindicatos nunha negociación colectiva a favor dos traballadores en calquera institución, empresa, etcétera, pero o certo é que os representantes políticos que están en cada institución terán algo que falar, porque para outras cousas ben que se lles piden achegas ou colaboracións. Os políticos están representando a miles de persoas da provincia e cre que non é tarde para que, -aínda que o grupo de goberno teña rectifica-la política de contratación de persoal que seguiu durante todos estes anos porque así llo di unha sentenza e así o teñen que reconecer-, se senten a falar. Fixo unha aposta polo grupo de goberno e polo seu presidente con respecto ás contratacións que se van facer e espera de que sexan responsables e non sigan facendo a mesma política de contratación que se estaba a facer nesta casa. O seu grupo, aínda que é o maioritario na oposición, non ten capacidade para muda-lo que acorde o grupo de goberno, pero si teñen dereito a unha maior pateadura se non se cumpre con eles cando apoian algún proxecto do grupo de goberno.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que estamos a dar unha imaxe falsa da realidade porque aquí, segundo el oíu, se dixo que unha sentenza estaba a poñer en cuestión a política de persoal desta Deputación e iso non é certo. A sentenza só se refire ó apartado 2 do artigo 7 da ordenanza, que se refire ó procedemento de urxencia de contratación de persoal, no que había un prazo de tres días para presentar solicitudes e pasa a cinco días a proposta da CIG. Imos aprobar inicialmente a modificación da ordenanza e durante o prazo de exposición pública (trinta días hábiles) pódense face-las alegacións e achegas que se consideren oportunas. Non se pode dicir que pola modificación deste apartado a sentenza poña en cuestión a política de persoal da Deputación. As circunstancias que nos toca vivir neste momento esixen que se fagan as cousas doutro xeito, pero isto non quere dicir que o de antes estivese mal e proba de que non estaban tan mal son os anos que estivo o anterior presidente no cargo. Quere que quede claro que é unha modificación como consecuencia dunha sentenza que se refire única e exclusivamente ó procedemento de urxencia para a contratación de persoal, que é excepcional e en casos concretos.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

O **Sr. presidente** di que a sentenza do xuíz do Xulgado n.º 1 do Contencioso-Administrativo de Ourense non cuestionou en ningún momento a legalidade da ordenanza en conxunto, xa que a sentenza non a anula. Tampouco cuestionou os diferentes procedementos de selección que regula esta ordenanza, tan só un apartado (o segundo) do artigo sétimo. Trátase do procedemento urxente, para nada están cuestionados o procedemento ordinario nin o de lista. O procedemento urxente é o menos utilizado e só se utilizou para contratos cunha duración máxima de tres meses. A irregularidade da que falamos hoxe ten un carácter sobrevido porque a ordenanza ven do ano 2004 e a Lei 7/2007, do 12 de abril, que aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, fixa unha serie de cuestións que determinan unha irregularidade de carácter formal, porque non se falaba neste procedemento nin de tribunal colexiado nin de baremo prefixado, que si existen nos outros procedementos. O grupo de goberno dixo que aprobaría esta modificación no Pleno e o está a facer sen esperar sequera ó pronunciamento do Tribunal Superior de Xustiza. A sentenza é do 30 de marzo de 2012 e algún grupo municipal solicitouna o 17 de agosto (140 días despois). Esta modificación tamén afecta ós estatutos do Inorde, asunto que se traerá ó Pleno do mes de outubro, pasando primeiro polo seu Consello Reitor. Estes estatutos foron aprobados en 2004 coa abstención daquela (non votaron en contra) dos voceiros dos dous grupos da oposición, hoxe encabezan dúas candidaturas ó Parlamento Galego para as eleccións do día 21 de outubro, é máis, no Pleno da ratificación dos estatutos, en xuño de 2004, votou a favor o Partido Popular e incluso o voceiro do BNG, que agora tamén é candidato ó Parlamento Galego pero non está no BNG. Como ben dixo o portavoz do Grupo Popular mesmo se tiveron en conta achegas sindicais no sentido de amplia-lo prazo de admisión de solicitudes de 3 a 5 días.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación o ditame favorable da comisión informativa de Persoal, Promoción Económica, Emprego e Políticas de Igualdade, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e o voto en contra dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación a Ordenanza provincial reguladora dos procedementos de selección de persoal laboral temporal, dando nova redacción ó seu artigo 7.2, que quedaría redactado nos seguintes termos:

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

2. O procedemento de urxencia consistirá en realizar unha convocatoria pública, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica e no taboleiro de edictos da Deputación Provincial, na que se conterán as bases co seguinte contido mínimo:

a) Tipo e características do contrato que se vai realizar

b) Perfil requirido para a contratación.

c) Prazo de presentación de solicitudes, que deberá ser, polo menos, de tres días naturais.

d) Tribunal de selección, que deberá axustarse ás normas xerais establecidas no Estatuto básico do empregado público en na regulación contida nesta Ordenanza para os órganos selectivos no procedemento ordinario.

e) O procedemento selectivo será sempre o concurso, aplicándose para estes efectos o baremo establecido no artigo 6.4 da Ordenanza. As bases concretarán o modo de acreditar os méritos alegados.

f) Concluído o prazo de presentación de solicitudes, o tribunal pasará a resolver sobre a admisibilidade a trámite das solicitudes e a valoración das admitidas, elevando proposta á Presidencia da Deputación, que resolverá conforme á dita proposta, agás no suposto en que advirta que a dita proposta incorre en vulneración da legalidade vixente, en cuxo caso devolverá a proposta ó tribunal para a súa emenda no sentido que proceda.

2º) Someter a información pública, por prazo de trinta días, a presente modificación, mediante anuncio que será inserido no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos da Corporación. Durante o dito prazo calquera persoa interesada poderá formula-las alegacións que estime oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase automaticamente elevado a definitivo o acordo de aprobación inicial, procedéndose á publicación do texto modificado da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia para a súa entrada en vigor conforme coas normas xerais.

14º.- MODIFICACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZO MUNICIPAIS E DA REDE VIARIA PROVINCIAL DO EXERCICIO 2012, RELATIVA ÁS OBRAS MUNICIPAIS DOS COCNELLOS DO BLANCOS E PARADA DE SIL.-

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

O Sr. secretario advirte que este asunto foi incluído na orde día porque se presentou despois de ter lugar as comisións informativas polo que para ser tratado validamente debería ratificarse a súa inclusión. Seguidamente dá lectura á proposta da Presidencia de data 21 de setembro de 2012

Non se producen intervencións e a Presidencia somete a votación primeiro lugar a ratificación da inclusión na orde do día do asunto, que é aprobada con vinte e dous (22) votos favorables do Grupo Popular e Grupo Socialista e dúas (2) abstencións do BNG.

Seguidamente somete a votación a súa proposta e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención dos deputados do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Acorda-la modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2012 relativa ás obras municipais do Concello dos Blancos, incorporando ó plan principal – en substitución da obra denominada “Centro Social de Vilar de Covelas, fase II”- a obra denominada “Reformas da casa do concello” cun orzamento de execución de 41.300,00 €, incluíndo no plan complementario a obra denominada “Centro Social de Vilar de Covelas fase II” cun orzamento de execución de 41.300,00 €.

2º.- Acorda-la modificación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos municipais e da rede viaria provincial do exercicio 2012 relativa ás obras municipais do Concello de Parada de Sil, incorporando ó plan principal –en substitución da obra denominada “Acceso a Sardela”- a obra denominada “Acondicionamento camiño de acceso ó Mosteiro de Santa Cristina” cun orzamento de execución de 41.300,00 €, incluíndo no plan complementario a obra denominada “Acceso a Sardela” cun orzamento de execución de 41.300,00 €.

15º.- DACIÓN DE CONTA Ó PLENO DA RELACIÓN DE DECRETOS DA PRESIDENCIA DOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2012 E 3º ADICIONAL DE XANEIRO DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), dáselle conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Presidencia nos meses de maio e xuño de 2012 e do 3º adicional de xaneiro de 2012.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Presidencia.

16°.- DACIÓN DE CONTA DA RELACIÓN DE DECRETOS DA VICEPRESIDENCIA DOS MESES DE MAIO E XUÑO DE 2012 E DOS SEGUINTES ADICIONAIS: 3° DE FEBREIRO, 2° DE MARZO E 1° DE ABRIL DE 2012.-

En relación co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real Decreto 2.658/1986 do 28 de novembro, e publicado no B.O.E. do 22 de decembro), así como as delegacións acordadas pola Presidencia, dáse conta ó pleno da relación de decretos asinados pola Vicepresidencia nos meses de maio e xuño de 2012 e dos seguintes adicionais: 3° de febreiro, 2° de marzo e 1° de abril de 2012.

Non se producen intervencións, quedando informados os membros da Corporación do contido da relación de resolucións da Vicepresidencia.

17°.- MOCIÓNS DE URXENCIA.- Trala declaración da súa urxencia con vinte e dous (22) votos favorables do Grupo Popular e Grupo Socialista e dúas (2) abstencións do BNG. por non figurar na orde do día, tratouse o seguinte asunto:

17°A).- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS CONFERIDA POLO CONCELLO DE MUÍÑOS, PARA O EXERCICIO DA POTESTADE EXPROPIATORIA CO OBXECTO DE ADQUIRIR-LOS TERREOS NECESARIOS PARA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE ANIMAIS ABANDONADOS DA BAIXA LIMIA.-

O Sr. secretario dá lectura á proposta da Presidencia.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, espera que o Grupo Popular teña a mesma intencionalidade que o Grupo Socialista á hora de aproba-la urxencia das mocións. Agora este parece un tema moi grave pero o autor dunha moción para a creación das canceiras foi el mesmo cando aínda non era portavoz e algún deputado que estaba aquí naquel momento tomou este asunto á broma e ría do espírito da moción. Non lembra o sentido do voto daquela moción, pero si lembra que naquel momento o anterior presidente dixo que se ía comprometer. Daquela presentou a moción porque había un problema moi grave para a súa comarca e había necesidade dunha canceira. Anuncia que se van a abster, non porque non crean

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

que isto sexa necesario, senón que hai un problema que lle preocupa, que é que todo isto ven vinculado co tema do centro da Limia, porque trasladamos ó persoal a este tipo de centros. Segundo información da que dispón xa existe unha construción ou algo similar en Melón para as canceiras e non sabe moi ben porque se antepón a construción dunha á posta en marcha doutra que xa está feita ou case feita. Incluso o anterior alcalde de Melón e a alcaldesa actual dixeron que a construción da canceira ía ser inminente. Pensa que ó mellor está confundido pero tamén pensa que a fluidez desta casa con Melón xa non é a que era.

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que ata o que el pode saber Melón non está na Baixa Limia. A Baixa Limia está composta por cinco concellos pequenos (algún do PSOE) e en ton de broma di que por necesidade se levan ben porque son pobres (ó mellor onde hai abundancia non se levan tan ben). O asunto que estamos a tratar non é ningunha cousa estraña que non se lles faga a outros concellos. O Concello de Muíños (de acordo cos outros concellos) adoptou un acordo no que se lle pide á Deputación asistencia para tramitar un expediente de expropiación de cinco mil metros dun monte comunal para a posible construción dunha canceira. Dixo posible construción da canceira porque os fondos para construíla solicitaronllos a AGADER e teñen a esperanza de que se lles concedan. Isto non quere dicir que a Baixa Limia teña prioridade ante ninguén, senón que os cinco alcaldes xuntos adoptaron esa iniciativa e pídenlle axuda á Deputación que para iso está.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que isto é un insulto á intelixencia. Non puxo en dúbida que a intención do Concello de Muíños e dos outros catro sexa a que expuxo o Sr. Álvarez Dobaño, pero a súa comarca está composta por nove concellos e xa existe un edificio construído por esta casa. Pensa que debe ser moi desconfiando, porque isto xa o pediron hai tempo e díxoselles que se ía construír, e resulta que agora como o persoal doutros centros se lles vai ceder ás canceiras, a de Melón, que vai dar servizo a toda a comarca, non se inclúe no proxecto. Pide que se active o mecanismo que haxa que activar para que se poida dotar de contido á construción que xa está feita en Melón. Todos saben do que está a falar e non dubida do problema que poida haber na Baixa Limia, pero pide que tampouco se dubide do problema do Ribeiro. Non lle pareceu correcta a intervención do portavoz do Grupo Popular dicindo que eles eran pobres e os outros nadaban na abundancia. Resúltalle curioso que non se dote de contido unha instalación que xa está construída e pide que lle expliquen o por qué.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, di que non vai dicir ningunha broma máis porque hoxe o Sr. Gómez Pérez toma todo en serio e está moi susceptible. Se falou de ricos e pobres foi en sentido coloquial e en ton de broma. Reitera que o Concello de Muíños, na representación dos cinco concellos da Baixa Limia, o que lle está a pedir a esta casa non é que constrúa unha canceira, senón que o que piden é que se fagan os trámites para a expropiación duns terreos que, de entrada, os ten que paga-lo Concello de Muíños, para a posible construción dunha canceira. Os cinco concellos, despois de asinar un convenio en conxunto, optaron a unha liña de financiamento a través de AGADER. Chegado o momento pediránlle axuda á Deputación e a quen faga falta pedirlla. Pensa que no Ribeiro tamén puideron optar a esta axuda e se non o fixeron non lle poden bota-la culpa a ninguén, quen non podía optar á axuda era a Deputación.

O **Sr. presidente** di que neste pleno figuraba un asunto no que se falaba do Concello de Melón, o número 9, que era a entrega dun tramo de estrada provincial, e no asunto que estamos a tratar en ningún momento se fala dese concello. Estamos a falar dun acordo remitido polo Concello de Muíños no que solicita que a Deputación adopte un acordo relacionado co que xa se falou neste pleno, que é un dos puntos do Plan Ourense 92 para ter operativo en xullo de 2014 un plan de canceiras.

Non se producen máis intervencións e a Presidencia somete a votación a súa proposta, e co voto favorable dos deputados do Grupo Popular (15) e a abstención dos deputados do Grupo Socialista (8) e do BNG (2), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Acepta-la delegación conferida mediante acordo plenario do 22 de setembro de 2012 polo Concello de Muíños para o exercicio da potestade expropiatoria co obxecto de adquiri-los terreos necesarios para a construción do centro de recollida de animais abandonados da Baixa Limia.

A determinación do modo de financia-los custos da dita expropiación, así como os demais custos para a implantación do financiamento do servizo, realizarase a través do oportuno convenio de cooperación entre a Deputación Provincial e os concellos afectados.

18º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Intervén o **Sr. presidente** en relación cun asunto que se tratou ó longo do Pleno e que suscitou determinada controversia, e dá lectura á transcripción literal da intervención de don Antonio Rodríguez, deputado provincial e alcalde do Concello de Xinzo de Limia: *“Presidente: por alusións pediu a palabra o Sr. Pérez Rodríguez. Ten a palabra. O Sr. Pérez Rodríguez: moitas grazas. Señoras e señores deputados, bos días a todos e ó público asistente. Eu simplemente, como se fixo alusión directa a min, non na condición de deputado senón de alcalde, véxome obrigado a poñer-las cousas no seu sitio”* (prodúcense aplausos por parte dun sector do público asistente ó pleno). Con isto queda acreditado que a palabra que dixo o Sr. Pérez Rodríguez foi a de deputado e anuncia que lle dará traslado desta transcripción ó Sr. Gómez Pérez.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, pide que non se lle dea traslado desa transcripción senón que que se lle dea traslado da gravación.

O **Sr. presidente** manifesta que se lle trasladará a gravación deste Pleno igual que se fai sempre e se o Sr. deputado comproba que a palabra que dixo o Sr. Rodríguez Pérez foi *“deputado”* espera que rectifique a súa postura.

D. Leopoldo Rodríguez Puga, do BNG, pregunta que valoración fai o Sr. presidente do proxecto estrela de creación de emprego en Ourense, que fora anunciado hai ano e medio ós catro ventos, antes das eleccións municipais, da fábrica de coches eléctricos Xero, logo de que o accionista español Julio Mayorga anunciara publicamente a súa desvinculación do dito proxecto. Pregúntalle ó Sr. presidente se opina igual que os empresarios de Vilamarín que pensan que este proxecto carece de solidez.

O **Sr. presidente** contesta que a súa valoración en relación con este proxecto e que naquel momento parecía (e parece porque aínda non cristalizou) unha oportunidade para a provincia. Supón que a iniciativa empresarial privada ten moito que ver (de feito é o que se andaba a buscar) e as últimas novas que ten non son as mellores posibles, pero todo aquilo que supoña atracción de proxectos para a provincia será benvido.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que o comportamento e o respecto por parte do público debe se-lo mesmo polas dúas bandas e é responsabilidade do Sr. presidente e non só recriminar ó público cando interesa. Rógalle ó Sr. presidente que non siga contestando ás preguntas sobre Xero, porque o engano foi evidente (xa o dixo no seu momento). Puxeron a disposición os terreos (igual que fixeron anteriormente con outra cuestión que se debatía) pero como era un bulo nin sequera se puido chegar a concretar. Con respecto a un aula

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

Cemit que hai no Concello de Leiro, quere saber onde van parar os ordenadores e a quen se lle van dotar ou se van volver á Deputación, xa que no Concello de Leiro díxose que eses ordenadores ían volver á Deputación de Ourense. Tamén con respecto ó Concello de Leiro, di que se están facendo roces para elimina-la praga de mimosas e roga que as persoas que se encargan de facer ese roce non deixen as mimosas ó carón da estrada porque representa un problema para a circulación (dispón de fotografías que o demostran).

O **Sr. presidente** responde que en relación coa aula do Concello de Leiro di que foi invitado a ela pero non puido asistir pero que reunirá a información oportuna e lla fará chegar ó Sr. Gómez Pérez. En relación coa limpeza das estradas toma nota do rogo e dará as ordes oportunas para que se proceda dese xeito.

D. Antonio Pérez Rodríguez, do Grupo Popular, di que lle parece moi grave que despois dunha contestación que lle deu o Sr. presidente ó portavoz do Grupo Socialista en relación coa súa intervención, lendo a transcripción literal do que dixo, se siga reiterando o mesmo por parte do mencionado portavoz. Quere que quede claro que é moi consecuente co que di, e co que está a ocorrer nas últimas semanas pensa que temos que ser moi prudentes e nunca se lle ocorrería utiliza-la palabra á que fai alusión ó portavoz socialista, pero de onde ven o recado non lle estraña por parte da recadeira, porque é bastante habitual.

O **Sr. presidente** manifesta que toma nota do rogo.

D. José Ignacio Gómez Pérez, portavoz do Grupo Socialista, di que é lamentable que porque el manifeste que quere escoita-la gravación se lle acuse de que di algo grave. O que é lamentable é a última frase que dixo o Sr. Pérez Rodríguez (que xa ten dado mostras nesta casa do carácter que lle imprime a esta sesión de plenos) porque tódolos seus compañeiros teñen escoitado cousas lamentables e non van permitir isto. Na súa intervención xa dixo que se estaba equivocado ía pedir desculpas, algo que o Sr. Pérez Rodríguez nunca pediu. Noutras ocasións o Sr. Pérez Rodríguez ten insultado polo baixo ós deputados socialistas (concretamente a algunha compañeira) e nunca lle oíu pedir desculpas. O Grupo Socialista non tolera que se lle dean clases de moral. Opina que ten todo o dereito a escoita-la gravación e xa obrará en consecuencia, pero non vai tolerar que o alcalde de Xinzo de Limia lles veña dar clases de moral, porque ó mellor no seu concello actúa doutro xeito que aquí.

Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 28 de setembro de 2012
--

E, ás 14:15 horas do citado día vinte e oito de setembro do ano dous mil doce, o Sr. presidente deu por rematada a sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,